

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de abril de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia (incorpórase no punto 35).
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día sete de abril de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

O Excmo. Alcalde, en nome dos membros da Xunta de Goberno local, dálle a benvida ó novo membro da mesma D. José Manuel Mariño Mendoza

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(471).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 18 de febreiro e extraordinaria e urxente do 26 de febreiro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(472).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2008 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”. EXPTE. 2564/335. Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.03.08 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 21.02.08, conformado polo

concelleiro delegado de Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo para a organización do programa 2008 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 20.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF G-36.980.928), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2008.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2008 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”

Vigo, o de de dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-36.057.00-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. ENRIQUE LORENZO VILA, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO, CIF G-36.980.928, con domicilio social en Vigo, rúa Ecuador nº 17 – CP 36203; no sucesivo ACOPOVI.

MANIFESTAN

1. Que a Concellería de Animación sociocultural vén realizando unha importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, corais polifónicas e compañías de teatro de adultos e infantil.

2. Que a citada concellería vén organizando desde o ano 2002 diversos ciclos de actuacións de agrupacións de música coral da nosa cidade por distintos barrios e está interesada en repetir esta experiencia, tras o éxito acadado.

3. Que ACOPOVI aglutina a 33 corais polifónicas de Vigo e está interesada en participar neste ciclo durante o exercicio 2008, tal como solicitou ó CONCELLO.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio serán a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado o carácter cultural, cívico e social responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, formando parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos especificamente no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando o interese do exposto, O CONCELLO e ACOPOVI establecen a súa relación para o exercicio 2008 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o apoio, potenciación e promoción dende O CONCELLO das masas corais polifónicas da nosa cidade, representadas por ACOPOVI, a través da programación de diversos ciclos estábeis de actuacións polos barrios vigueses, denominados “Vigo, un mar de corais”. O presente convenio terá carácter anual e participarán, representadas por ACOPOVI, un total de trinta e tres corais polifónicas de Vigo.

Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 20.000,00 (vinte mil) euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada por ACOPOVI que figura como anexo ó convenio, e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

Terceira.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellería de Animación sociocultural, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:

- ◆ *Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.*
- ◆ *Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.*
- ◆ *Cadeiras para o público.*
- ◆ *Local a modo de camerinos para cambio de vestuario.*

Cuarta.- As obrigas que asume ACOPOVI son as que se recollen no artigo 14 da Lei 38/2003 e, máis concretamente, as seguintes:

1. *Realizar 99 (noventa e nova) actuacións. Cada coral realizará tres actuacións, unha delas de carácter gratuíto, no lugar, día e hora que determine O CONCELLO.*
2. *A concellería de Animación sociocultural comunicará a ACOPOVI os lugares, datas e horas das actuacións de cada coral:*
 - *Se a data indicada estivese dispoñíbel, a coral quedará automaticamente comprometida co CONCELLO para a súa realización.*
 - *Se a data estivese comprometida previamente, a coral terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.*
 - *Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Animación sociocultural non será aboada con cargo a este convenio.*

De mutuo acordo entre O CONCELLO e ACOPOVI désignase a D. Enrique Lorenzo Vila como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entre ambas as partes: determinar as datas e horarios dispoñíbeis de cada coral, solicitar posíbeis cambios, comunicar incidencias...
3. *Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc...) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade de ACOPOVI.*
4. *Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución de cada actuación, en particular a edición gráfica dos repertorios de cada concerto.*
5. *Coordinará con cada coral e nun lugar perfectamente visíbel do escenario da actuación, a instalación desmontábel dos soportes publicitarios institucionais achegados pola Concellería de Animación*

sociocultural. No caso de que algunha das corais incumpra este apartado, O CONCELLO poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada coral responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.

6. As corais presentarán a ACOPOVI solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes “certificacións de actuación” (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 15 de decembro.
7. Presentar unha memoria-avaliación do programa “Vigo, un mar de corais” dentro dos dez días seguintes ó da súa execución, onde figurarán como mínimo:
 - a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
 - b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.
 - Facturas das actuacións realizadas emitidas á ACOPOVI polas corais asociadas.
 - Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.
8. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

Quinta.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Animación sociocultural deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende O CONCELLO, se é o caso, para difundir o concerto e incluír os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da Tenencia de Alcaldía naquel que edite a propia entidade.
- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da coral.
- Cubrir a “certificación de actuación”, da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.
- Presentar o concerto facendo unha mención breve ó historial da coral, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Sexta.- As obrigas que asume O CONCELLO, a través da Concellería de Animación sociocultural, son as seguintes:

- 1.- Programar as datas e lugares dos concertos con cargo a este convenio.
- 2.- Comunicarlle ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a isto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.
- 3.- Editar o material gráfico necesario para a difusión e publicidade dos concertos e remitir ós medios de comunicación a información acerca das actuacións programadas.
- 4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Quedan expresamente prohibidas as

actuacións ó aire libre.

Sétima.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase en base ás “certificacións de actuación” asinadas pola entidade correspondente, á memoria e informe que presente ACOPOVI e da presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural durante os concertos que se determinen.

Oitava.- O CONCELLO aboará a ACOPOVI a cantidade estipulada na cláusula segunda, 20.000,00 (vinte mil) euros, mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0128.12.0040005175 da que é titular ACOPOVI, do seguinte xeito:

- Un primeiro pagamento na primeira quincena de setembro, por importe de 10.000,00 (dez mil) euros, en concepto de pago anticipado, que se tramitará de oficio.*
- Un segundo pagamento antes do 20 de decembro, por importe de 10.000,00 (dez mil) euros, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral. ACOPOVI deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do programa “Vigo, un mar de corais”.*

ACOPOVI terá que incorporar á antedita solicitude todas as certificacións de actuacións realizadas polas corais e facturas de emitidas no período. O pagamento tramitarase previa certificación do xefe do servizo de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

As presentes axudas serán compatíbeis coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados.

En ningún caso, o importe destas axudas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Novena.- A cancelación do presente convenio con algunha das corais participantes poderá producirse unilateralmente por parte do CONCELLO por algún dos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;*
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;*
- Por non ter presente no escenario os soportes de difusión e publicidade institucional en dous concertos.*

Décima.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da ACOPOVI, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo primeira.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga de ACOPOVI, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.

As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décimo segunda.- O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Décimo terceira.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

3(473).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

- a) Auto do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 191/2007 p.a. Demandante: D. Eduardo Cid Fernández. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 1063115795, denuncia 01/12/2005. Desestimento do demandante.
- b) Auto do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº92/2007 p.a. Demandante: D. Manuel Hermida Moreira. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 068669087. Desestimento do demandante.
- c) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 271/2006 p.a. Demandante: D. Pedro Freire Amador. Obxecto: Sanción de Tráfico. Expte. 10511075303. Desestimado o recurso.
- d) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 188/2006 p.a. Demandante: Dª Maria González Nores.Obxecto: Sanción de Tráfico. Expte. 068655019. Rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.
- e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 176/2006 p.a. Demandante: D. Raul N. Nogueira Pino. Obxecto: Sanción de Tráfico.Expte. 068658477 . Rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.
- f) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 102/2007 p.a. Demandante: D. Juan Campos Condinez. Obxecto: Sanción de tráfico A.T. Expte. 068676313. Rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.
- g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 140/2007 p.a. Demandante: D. Antonio Cid Fernández. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte. 068649774 Rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.
- h) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 166/2006 p.a. Demandante: D. Fernando Domínguez Docamiño. Obxecto: Sanción de tráfico A.T. Expte. 068632942. Rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.
- i) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 136/2006 p.a. Demandante: D. Pablo F. Madera Seoane.Obxecto: Sanción de tráfico A.T. Expte. 068629206. Rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.
- k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº 210/2006 p.a. Demandante: D. Daniel D. Sixto Pérez. Obxecto: Sanción de tráfico A.T. Expte. 068605098. A sentenza inadmite o recurso por extemporáneo.
- l) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 108/2006 p.a. Demandante:

D. Diego Fernández Diz. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 068648347. Rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.

m) Auto do Tribunal Supremo no rec. Casación nº 10751/2004 interposto contra Sentenza do TSXG no RC-A 02/5091/2000 interposto por D. Camilo Fernández Parada. Obxecto: Pleno do 31/08/2000, recuperación de oficio dos bares do Estadio de Balaidos (Expte. 12701/240). Inadmisíbel o recurso de casación.

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra. RC-A nº 133/2007 p.a. Demandante: D. Juan C. Vega Martínez. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 068686138. Desestimado o recurso.

ñ) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no RC-A nº 132/2007 p.a. Demandante: D. Juan C. Vega Martínez. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 068686224. Desestimado o recurso.

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no RC-A nº 131/2007 p.a. Demandante: D. Bienvenido Vila Represas. Obxecto: Sanción de Tráfico A.T. Expte. 068694530. Desestimado o recurso.

p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 360/2006 p.o. e 361/2006 p.o. Demandante: "GIMNASIOS PAZOS, S.A.". Obxecto: 1ª. Inactividade/falta de pagamento de facturas de 2 meses (outubro e novembro de 2003, por servizos contractuais na piscina de Teis); 2ª. Reclamación de diversas cantidades por servizos nas piscinas de Travesas e Lavadores. Estimado o recurso nº 360/2006, estimado en parte o recurso 361/2006.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das precedentes sentenzas e autos.

4(474).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS. EXPTE. 29845/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Benestar Social, do 24.03.08, conformado pola concelleira de Benestar Social, que di o seguinte:

Con data 17 de marzo de 2008 recíbese escrito do Subdirector Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, en relación coa continuidade do convenio suscrito entre esa Consellería e este Concello en data 1 de xullo de 2007, para o desenvolvemento de programas de prevención de drogodependencias neste Concello de Vigo, e no que se prevé unha vixencia dende esa data ata o 30 de xuño de 2008.

Solicítase que antes do 30 de marzo de 2008, se manifeste compromiso de continuidade do mesmo.

Os programas de prevención das drogodependencias que desenvolve esta Consellería de Benestar Social en colaboración coa citada Consellería de Sanidade no marco do convenio asinado, estímanse de importancia para o desenvolvemento de accións de promoción da saúde nesta cidade, polo que entendemos que deben continuar.

Polo exposto, solicítase desta Xunta de Goberno Local, acorde

Manifestar o compromiso de continuidade do Convenio asinado con data 1 de xullo de 2007 entre este Concello de Vigo e a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento de programas de prevención de drogodependencias, segundo a cláusula décima do mesmo, entendendo o interés que dito

desenvolvimento posúe para este Concello.

Nembargantes, esa Xunta de Goberno Local, adopte o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(475).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: A) ALTA EXPTE. 13/1727, 12/1010, 13/1632. B) DENEGACIÓN, EXPTE. 2/2172.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes-propostas da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Sara Fernández Rosendo. Expte. 13/1632.
- Manuel Cea Zanetti. Expte. 1010/12.
- Nieves Fernández Rodríguez. Expte. 13/1727.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no fogar a D^a. Pilar Alves Luis. Expte. 2/2172.

6(476).- SOLICITUDE DO RESPONSABLE DO SERVIZO DE DEPORTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE VOLEI PRAIA” O DÍA 15.04.08. EXPTE. 7682/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Director Deportivo do IMD, do 13.03.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda

Autorizar Javier Rial, responsable do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, a organizar o vindeiro martes 15 de abril de 2008, o Campionato Galego Universitario de Volei Praia, dita proba comenará ás 10.00 horas e rematará ás 21.00 horas e terá lugar na Praia do O Bao, na zona máis próxima a Fontenlas.

7(477).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COBERTURA WIFI NA PRAZA DE AMÉRICA DE VIGO. EXPTE. 3117/113.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

8(478).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA Ó PÚBLICO DA REVISTA CASTRELOS Nº 13. EXPTE. 2961/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo Quiñones de León, do 1.04.08, conformado pola concelleira de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 250 revistas nº 13 do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, das 1000 editadas a un prezo unitario de venda ó público de NOVE (9) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición, 750, para necesidades protocolarias do concello, entregas aos autores dos artigos e intercambio de publicacións con outros museos.

9(479).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE “AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO TOTAL OU PARCIAL DO MANTEMENTO E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E INVESTIMENTOS DESTINADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS” DA VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 3352/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 2.04.08, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da orde do 18 de marzo de 2008, da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG núm. 60, do 28 de marzo de 2008, polo que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, por un importe de 391.836,53 euros, desglosado do seguinte xeito:

Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller).Gastos de persoal	163.769,86.-
Casa de Acollida e piso tutelado para mulleres maltratadas.Gastos de persoal e mantemento	216.000,00.-
Bolsas de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida	12.066,67.-

TOTAL:	391.836,53 euros

2º.- Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal.”.

10(480).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA DE TEIS. EXPTE. 6584/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 27.02.08, conformado pola concelleira delegada de Educación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Na sesión de 17-08-2005 a Xunta de Goberno Local acordou adjudicar a Colegio Los Milagros, S.L. os servizos de xestión da Escola Infantil Municipal Atalaia de Teis.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas establece que o contrato rematará o 31-07-2007, coa posibilidade de prorrogala a súa vixencia por periodos anuais ate un máximo de dúas prorrogas. A xunta de Goberno celebrada o 23-07-2007 prorrogou o contrato por un ano.

O xefe do servizo de Educación propón en informe de data 19/12/2008 a proroga do contrato para o periodo comprendido entre o 01-08-2008 e 31-07-2009.

A vista das anteriores consideracións, e previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Prorroga-lo contrato dos servizos de servizos de xestión da Escola Infantil Municipal Atalaia de Teisa adjudicado por acordo da Xunta de Goberno de 17-08-2005 á empresa Colegio Los Milagros, S.L. polo periodo 01-08-2008 a 31-07-2009.”

O importe da prorroga do contrato sen incluír as revisións de prezos é de 178.276,83 euros que se imputaran á partida 4220.2270608 ”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(481).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE STA. CRISTINA DE LAVADORES. EXPTE. 6585/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 27.02.08, conformado pola concelleira delegada de Educación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Na sesión de 17-08-2005 a Xunta de Goberno Local acordou adjudicar a Dumbo, S.L. os servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Sta. Cristina de Lavadores.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas estableceuse que o contrato rematará o 31-07-2007, coa posibilidade de prorroga-la súa vixencia por períodos anuais ate un máximo de dúas prorrogas. A xunta de Goberno celebrada o 23-07-2007 prorrogou o contrato por un ano.

O xefe do servizo de Educación propón en informe de data 19/02/2008 a prorroga do contrato para o período comprendido entre o 01-08-2008 e 31-08-2008.

A vista das anteriores consideracións, e previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Prorroga-lo contrato dos servizos de servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Sta. Cristina de Lavadores adjudicado por acordo da Xunta de Goberno de 17-08-2005 á empresa Dumbo, S.L. polo período 01-08-2008 a 31-07-2009.

O importe da prorroga do contrato sen incluír as revisións de prezos é de 178.907,23 euros que se imputaran á partida 4220.2270604 ”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(482).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 93.500,94 € A FAVOR DE AÓN GIL Y CARVAJAL POLA COBERTURA DO SEGURO DE VIDA DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18283/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 29.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Polo servizo de Contratación do concello de Vigo, estanse a tramitar os expedientes para a contratación da póliza do seguro de Vida e accidentes para o persoal do Concello de Vigo e de Responsabilidade civil e patrimonial para o Concello e Organismos Autonomos que cubra os riscos imputables ao Concello por danos producidos a terceiros polo exercicio da actividade municipal.

Ata a data actual a póliza de seguro de vida estaba contratada coa compañía Aseguradora “Estrella”

O contrato de referencia é de natureza privada dos tipificados no art. 5 aptdo. 3º do texto refundido da Lei de Contratos das administracións públicas, estando o de vida fora do prazo estipulado e satisfacendose as correspondentes primas a traves de indemnizacións substitutivas.

Como a contratación dunhas polizas de seguros suplementarias para cubrir os riscos que puidan producirse pola actividade do concello, ocasionaría un incremento nos costes que tería que soportar e o que motiva que ó atoparnos con un contrato de natureza privada, o Concello a través do Concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, en exercicio das facultades que a lexislación vixente lle otorga a Administración Municipal de interpretar os contratos, art. 59 do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ordene ás actuais entidades contratantes a continuación na prestación do servizo do contrato, mantendo os prezos vixentes ata que se produza o perfeccionamento do novo contrato que actualmente está en tramitación.

Do anteriormente exposto desprendese que a Compañía aseguradora “La Estrella”, está prestando a cobertura do seguro de vida dende o 1 de setembro de 2007 e a vista do estado en que se atopa o expediente de contratación ésta tería que prestarse ata o 1 de abril de 2008.

Postos en contacto, coa Correduría de seguros deste Concello, Aón Gil y Carvajal, ésta presenta un presuposto, da compañía aseguradora “La estrella”, polos seis meses de cobertura de 93.500,94 euros, que según informe da Intervención Xeral conta con cobertura no presuposto municipal do ano 2008, polo que o pago da prima da poliza deste de referencia deberase efectuar de forma inmediata.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte

A C O R D O

1º.- Declarar a nulidade da contratación.

2º.- Aboar, a correduría aseguradora deste Concello, aón Gil y Carvajal , en concepto de indemnización substitutiva, a cantidade de 93.500,94 euros, pola cobertura da poliza de seguro de vida do persoal do Concello de Vigo, concertado coa compañía aseguradora la estrella, perante o período comprendido entre o 1 de setembro de 2007 e o 1 de abril de 2008, con cargo a partida presupuestaria 31311620500.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(483).- SOLICITUDE DE D. JOSÉ Mª PAZÓ DOMÍNGUEZ E OUTROS DA CATALOGACIÓN COMO PÚBLICO NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CAMIÑO DE ENLACE ENTRE A RÚA PARDAVILA E A RÚA TANQUE. EXPTE. 604/244.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.03.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracións Públicas (LPAP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Jose Mª Pazó Domínguez e outros veciños da Rúa Pardavila e Rúa Tanque , mediante escrito con entrada no rexistro xeral do Concello en data 30.01.2008 solicita a ALTA como vía pública municipal, o camiño de enlace entre ambas ruas , o considerar que a mesma non é de titularidade privada..

SEGUNDO.- O Arquitecto de Patrimonio emitiu informe en data 18.02.2008 sinalando que non consta como público no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Patrimonio das entidades locais de Galicia estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen por calquera título (art. 263 da LALG).

Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. A Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concreta como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2, 3 e 5).

SEGUNDO.- O Inventario de bens e dereitos configúrase como un medio de que dispón as Entidades Públicas para garantir a protección e defensa do seu patrimonio e do interese xeral o que serve. Neste senso teñen a obriga da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición, como se recolle no art. 32.1da LPAP, na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se prevé que o inventario dos bens inmoebles comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura. (Art. 20 g). e o título en virtude do que se atribuíu a Entidade (art. 20.j)

Os datos do inventario vendrán refrendados polos documentos, en especial os títulos de dominio, actas de deslinde e valoración, planos e fotografías, documentación a archivar separadamente da demais documentación municipal (art. 30 RBEL).

TERCEIRO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e habendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses puideran manifestar os administrados.

E de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se houberse formulado ningunha alegación en relación a NO inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora solicitado, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal.

Acordo Plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

CUARTO.- Resultando polo tanto o inventario municipal un rexistro administrativo onde se reflicten os bens e dereitos integrantes do patrimonio municipal, a incorporación a dito patrimonio de novas vías, require da concorrencia dunha titularidade pública e afectación do inmoeble o uso público.

Neste senso, o RBEL veñe a sinalar no seu art. 3.2 que “Sen prexuízo da vinculación do solo o seu destino urbanístico dende a a probación dos Plans, a afectación dos inmoebles ó uso público producirase, en todo caso, no momento da cesión do dereito á Administración actuante consonte a lexislación urbanística.”

Conseqüentemente, a planificación urbanística das entidades locais, no exercicio competencial previsto no art.

25.2.d LRBRL, para a ordenación, xestión e execución urbanística no seu territorio, resulta o medio de ordenación axeitado para a fixación dos novos viais, no que o PXOM constitúe o instrumento básico na estruturación integral do territorio, contendo as determinacións de carácter xeral, entre outras os sistemas xerais de comunicacións ou o trazado e características da rede viaria pública, que trala súa execución, recepción e adquisición polo Concello, consonte a normativa urbanística, incorporaranse á relación de vías públicas municipais.

QUINTO.- A teor do exposto, non procede acceder a alta inventarial no Epígrafe I Inmobles-Viais do camiño interesado, non constando a titularidade municipal nin a afectación o uso público, debendo estar neste caso, no que atinxe a infraestrutura viaria, o previsto no planeamento urbanístico e o que da súa execución resulte, os efectos da incorporación o Patrimonio municipal de novas vías públicas e conseguinte reflexo no Inventario deste Concello.

SEXTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL),

Por todo o anteriormente exposto proponse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- “Desestima-la solicitude de D. Jose M^a Pazó Domínguez e outros veciños da Rúa Pardavila e Rúa Tanque, da catalogación como público no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, do camiño de enlace entre ambas ruas.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(484).- SOLICITUDE DA AVCR SAN MAMEDE DE ZAMÁNS DE CATALOGACIÓN COMO PÚBLICO NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITO DO CAMIÑO DAS POLVEIRAS NA PARROQUIA DE ZAMÁNS. EXPTE. 602/244.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.03.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracións Públicas (LPAP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Asociación Veciñal Cultural Recreativa San Mamede de Zamáns, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do Concello en data 30.01.2008 solicita a ALTA como via pública municipal, a prolongación do camiño coñecido como das “Polveiras” na parroquia de Zamans, que manifestan é unha servidume de paso.

SEGUNDO.- O Arquitecto de Patrimonio emitiu informe en data 18.02.2008 sinalando que non consta como público no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Patrimonio das entidades locais de Galicia estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen por calquera título (art. 263 da LALG).

Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. A Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concreta como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2, 3 e 5).

SEGUNDO.- O Inventario de bens e dereitos configúrase como un medio de que dispón as Entidades Públicas para garantir a protección e defensa do seu patrimonio e do interese xeral o que serve. Neste senso teñen a obriga da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición, como se recolle no art. 32.1 da LPAP, na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se prevé que o inventario dos bens inmoebles comprenderán as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura. (Art. 20 g). e o título en virtude do que se atribuíu a Entidade (art. 20.j)

Os datos do inventario vendrán refrendados polos documentos, en especial os títulos de dominio, actas de deslinde e valoración, planos e fotografías, documentación a archivar separadamente da demais documentación municipal (art. 30 RBEL).

TERCEIRO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e habendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses puideran manifestar os administrados.

E de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se houbera formulado ningunha alegación en relación a NO inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora solicitado, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal.

Acordo Plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

CUARTO.- Resultando polo tanto o inventario municipal un rexistro administrativo onde se reflicten os bens e dereitos integrantes do patrimonio municipal, a incorporación a dito patrimonio de novas vías, require da concorrencia dunha titularidade pública e afectación do inmoeble o uso público.

Neste senso, o RBEL veñe a sinalar no seu art. 3.2 que “Sen prexuízo da vinculación do solo o seu destino urbanístico dende a a probación dos Plans, a afectación dos inmoebles ó uso público producirase, en todo caso, no momento da cesión do dereito á Administración actuante consonte a lexislación urbanística.”

Conseguentemente, a planificación urbanística das entidades locais, no exercicio competencial previsto no art. 25.2.d LRBRL, para a ordenación, xestión e execución urbanística no seu territorio, resulta o medio de ordenación axeitado para a fixación dos novos viais, no que o PXOM constitúe o instrumento básico na estruturación integral do territorio, contendo as determinacións de carácter xeral, entre outras os sistemas xerais de comunicacións ou o trazado e características da rede viaria pública, que trala súa execución, recepción e adquisición polo Concello, consonte a normativa urbanística, incorporaranse á relación de vías públicas municipais.

QUINTO.- *A teor do exposto, non procede acceder a alta inventarial no Epígrafe I Inmobles-Viais do camiño interesado, non constando a titularidade municipal nin a afectación o uso público, debendo estar neste caso, no que atinxe a infraestrutura viaria, o previsto no planeamento urbanístico e o que da súa execución resulte, os efectos da incorporación o Patrimonio municipal de novas vías públicas e conseguinte reflexo no Inventario deste Concello.*

SEXTO.- *Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL),*

Por todo o anteriormente exposto proponse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- “Desestima-la solicitude da Asociación Veciñal Cultural Recreativa San Mamede de Zamáns, da catalogación como público no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, do camiño chamado das “Polveiras” na parroquia de Zamans, no termo municipal de Vigo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(485).- SOLICITUDE DA AVCR SAN MAMEDE DE AMÁNS DE CATALOGACIÓN COMO PÚBLICO NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CAMIÑO “ESTRADA DE VILAVERDE” NA PARROQUIA DE ZAMÁNS. EXPTE.603/244.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.03.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Asociación Veciñal San Mamede de Zamans San Mamede de Zamáns, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do Concello en data 29.01.2008 solicita a ALTA como via pública municipal, o camiño coñecido como “estrada de Vilaverde” o seu paso polo cemiterio de Zamans.

SEGUNDO.- O Arquitecto de Patrimonio emitiu informe en data 18.02.2008 sinalando que non consta como público no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Patrimonio das entidades locais de Galicia estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen por calquera título (art. 263 da LALG).

Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico , tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. A Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concreta como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2 , 3 e 5).

SEGUNDO.- O Inventario de bens e dereitos configúrase como un medio de que dispón as Entidades Públicas para garantir a protección e defensa do seu patrimonio e do interese xeral o que serve. Neste senso teñen a obriga da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición, como se recolle no art. 32.1da LPAP, na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se prevé que o inventario dos bens inmobles comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura . (Art. 20 g). e o título en virtude do que se atribuíu a Entidade (art. 20.j)

Os datos do inventario vendrán refrendados polos documentos, en especial os títulos de dominio, actas de deslinde e valoración, planos e fotografías, documentación a archivar separadamente da demais documentación municipal (art. 30 RBEL).

TERCEIRO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e habendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses puideran manifestar os administrados.

E de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se houbera formulado ningunha alegación en relación a NO inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora solicitado, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal.

Acordo Plenario da aprobación definitiva que deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

CUARTO.- Resultando polo tanto o inventario municipal un rexistro administrativo onde se reflicten os bens e dereitos integrantes do patrimonio municipal, a incorporación a dito patrimonio de novas vías, require da concorrencia dunha titularidade pública e afectación do inmovible o uso público.

Neste senso, o RBEL veñe a sinalar no seu art. 3.2 que “Sen prexuízo da vinculación do solo o seu destino urbanístico dende a a probación dos Plans, a afectación dos inmobles ó uso público producirase, en todo caso, no momento da cesión do dereito á Administración actuante consonte a lexislación urbanística.”

Conseguentemente, a planificación urbanística das entidades locais, no exercicio competencial previsto no art. 25.2.d LRBRL, para a ordenación, xestión e execución urbanística no seu territorio, resulta o medio de ordenación axeitado para a fixación dos novos viais, no que o PXOM constitúe o instrumento básico na estruturación integral do territorio, contendo as determinacións de carácter xeral, entre outras os sistemas xerais de comunicacións ou o trazado e características da rede viaria pública, que trala súa execución, recepción e adquisición polo Concello, consonte a normativa urbanística, incorporaranse á relación de vías públicas municipais.

QUINTO.- A teor do exposto, non procede acceder a alta inventarial no Epígrafe I Inmobles-Viais do camiño interesado, non constando a titularidade municipal nin a afectación o uso público, debendo estar neste caso, no que atinxe a infraestrutura viaria, o previsto no planeamento urbanístico e o que da súa execución resulte, os efectos da incorporación o Patrimonio municipal de novas vías públicas e conseguinte reflexo no Inventario deste Concello.

SEXTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL),

Por todo o anteriormente exposto proponse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- “Desestima-la solicitude da Asociación Veciñal San Mamede de Zamáns, da catalogación como público no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, do camiño chamado “estrada de Vilaverde” na parroquia de Zamans, no termo municipal de Vigo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(486).- RECLAMACIÓN DE D^a. ILDEFONSA RAMOS CRUZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1259/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ildefonsa Ramos Cruz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 16 de outubro de 2006, no que expón que o día 29 de setembro de 2006, mentres camiñaba pola esquina da Praza de América coa avenida de Castelao, sufriu unha caída tras tropezar cunha lousa que sobresaía do pavimento, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do Servizo da Policía local, de data 29.9.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Ramos relátalles o accidente que sufrira; igualmente comprobaban as lesións que presentaba e unha grieta pronunciada nas aristas das lousas que conforman o firme.*
- Informe do Servizo de vías e obras do Concello de data 3.11.2006 sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Ditame de data 21 de maio de 2007 para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello.*
- Práctica de proba testemuñal ás persoas propostas pola reclamante en data 14 de decembro de 2006.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 7.6.2007.*
- Evacúase trámite de audiencia á aseguradora do Concello Mapfre Industrial en data 3.7.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei

30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, do exame do expediente, resulta que:

O día 29 de setembro de 2006 dona Ildefonsa Ramos Cruz caeu na Praza de América- Avda. Catelao por mor de defectos que había nas losetas que conformaban o firme da beirarrúa. O suceso tivo lugar ó carón do seu domicilio, que se observa, segundo ela mesma manifesta, nas fotografías que achegou ó expediente, e tivo lugar cando se dirixía a un punto de encontro con unha compañeira para dirixirse ó seu traballo, polo que se conceptuou como accidente laboral.

A reclamante, a consecuencia de dita caída, recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias do centro médico Povisa na mesma data, presentando lesións consistentes nunha ferida incisa no tercio distal da súa coxa dereita, polas que estivo de baixa médica ata o 21.2.2007, e de baixa laboral ata o 15.12.2006, data na que solicitou a alta voluntaria por melloría clínica, restándolle como secuela una cicatriz supratelar de 15 cm.

Terceiro.- Ós efectos de valorar o dano corporal solicitouse informe ó respecto á Asesoría médica do Concello, aínda que consonte co disposto no art. 83.1. da Lei 30/1992, do 26 de novembro non resulta vinculante para o órgano decisor, se ben a súa aceptación serve de motivación á resolución que se adopte cando se incorporen ó seu texto, de conformidade co art. 89.5 do mesmo texto legal. Neste informe se valoran as lesións padecidas pola reclamante en 3.509,52 euros toda vez que o médico informante di que: “ Contando con que tras la intervención quirúrgica, el 29/6/2006, precisase 30 días para la curación, el 30/10/2006 podría comenzar el tratamiento rehabilitador realizándose 20 sesiones hasta el 30/11/2006 y 20 sesiones más hasta el 15/01/07. Por las características de la lesión, a mediados del mes de Enero debería estar recuperada, aunque es probable que se retrasase el tratamiento rehabilitador en Povisa. Por todo lo expuesto, en mi opinión, considero que 90 días serían suficientes para la curación completa, de los cuales 30 días se considerarían de baja total y el resto parcial; restándole al alta una secuela estética”. Engade ó anterior 6 días de incapacidade hospitalaria.

Se ben resulta acreditada unha secuela estética, procede outorgarlle un punto, por canto non se xustifica unha ponderación superior, e ó total resultante o factor de corrección do 10% por idade laboral, o que fai un total de 5.862,15 euros.

É doutrina recollida na xurisprudencia o principio de reparación integral do dano, o que significa que o procedemento de responsabilidade patrimonial ten como fundamento que o patrimonio do particular lesionado resulte inalterado, polo que a indemnización tense que corresponder co perxuízo causado ó particular polo sacrificio dos seus bens e dereitos, pero sen que poida convertirse nun motivo de lucro (STS 18.7.1989).

Conforme ó anterior, indicar que neste suposto sería preciso, caso de recoñecer responsabilidade da Administración nos feitos, e consonte coas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007, de 7 de maio), que aplica o criterio do Tribunal Supremo na súa sentenza de 30.1.2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral durante ese período, co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, por canto en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto para a lesionada. A estes efectos, e tomando como data da alta a laboral do día 15.12.2006 e á vista da documentación achegada resulta que

percibiu prestacións por importe de 4.788,27 euros.

Cuarto.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Do exáme do expediente resulta que os defectos na beirarrúa eran visíbeis por canto se ben o Servizo de vías e obras cando acude ó lugar informa que xa estaba reparado, a testemuña que dí non coñecer a reclamante, e polo tanto á que se presume unha maior imparcialidade, manifesta que os defectos podían verse a distancia. A outra testemuña, que indica que a súa nai caeu no lugar e polo tanto pode estar condicionada por esta circunstancia, non nega que se puidesen ver por canto di que dende donde ela viña non podían verse. Non obstante, na fotografía achegada pola reclamante e na que se ve o defecto ,así como o portal do seu domicilio do que saía para ir a traballar, obsérvase que non hai obstáculos que impidan dita percepción, e o mesmo acontece nas fotografías achegadas ó informe do servizo de vías e obras, e ambas testemuñas din que era de día e había boa visibilidade no lugar.

Engadidamente, e conforme coa doutrina sentada polo Consello consultivo de Galicia en ditame 291/2006, para un suposto similar, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe terse en conta, e é que a reclamante reside “a carón” do defecto estrutural da vía, concretamente a caída prodúcese diante da súa casa. Tiña polo tanto que ser coñecedora do mal estado da beirarrúa. Polo que consonte coa doutrina indicada e resultando tales defectos visíbeis e non ocultos pódese dicir que houbo unha falla de dilixencia no control na propia deambulación da reclamante, por depide o calquera outra circunstancia, o que propiciou a súa caída.

Non obstante hai unha circunstancia que consta no expediente que atempera en parte o anterior: que é, que segundo unha das testemuñas a súa nai caera no lugar, sen que no día dos feitos que se examinan se tivera reparado polo Concello o lugar. Cómpre indicar ó respecto a xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 22/07/1998), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde), ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Quinto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal , tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, correspondéndolle nese concepto á reclamante un 80% polo que procede indemnizar á solicitante co 20% da valoración da indemnización por danos corporais (5.862,15 euros) minorada nas cantidades percibidas en concepto de incapacidade (4.788,27 euros), o que fai un total de 214,77 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. Ildelfonsa Ramos Cruz por unha caída ocorrida o día 29 de setembro de 2006 na praza de América- avda. Castelao e indemnizala coa contía de 214,77 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(487).- RECLAMACIÓN DE D^a. DOLORES NAVEIRO ORDÓÑEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1049/243. DESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 26.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dona Dolores Naveiro Ordoñez presenta o 16 de novembro de 2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída no Cemiterio de Pereiro, e que lle foi notificada en data 18 de outubro de 2007.

Segundo.- Do recurso de reposición interposto deúselle traslado a Cespa, S.A., que fixo alegacións en data 26 de febreiro de 2008, opoñéndose o recurso de reposición.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso de reposición fundaméntase sintéticamente en que consta acreditada a relación de causalidade precisa, por canto a Policía local recolle a declaración da testemuña de que a reclamante caeu no bache, sendo obvio que unha beirarrúa non pode ter baches sen sinalizar, así como que as facultades de deambulación da reclamante están limitadas por mor da súa idade, e a Administración está obrigada a ter en condicións as beirarrúas. Se ben no solicitou estimación das secuelas solicita se estime a valoración nese senso da Asesoría médica do Concello.

Terceiro.- Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal. Nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo. Nin na instancia nin nesta vía de recurso hai proba bastante ó efecto. Ademais, se ben a parte interesada refírese reiteradamente a un buraco ou fochanca na beirarrúa como un defecto desta, o certo é que do informe do Servizo de vías y obras que se cita na resolución resulta que se trataba dun buraco onde no seu día houbo unha árbore e polo tanto é un elemento estrutural da vía, perfectamente visíbel en condicións normais, e non se acredita outra cousa. Tampouco se pode aceptar secuela ningunha, por canto ademais de non seren solicitadas na instancia non consta con precisión nun informe médico o seu carácter a consecuencia do accidente resultando que a artrose a tenía con anterioridade, e ademais dada a idade da reclamante non afectan á capacidade laboral desta (dictame C.C. Galicia 7/2007).

Carto.-- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Dolores Naveiro Ordoñez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída no Cemiterio de Pereiró o día 12 de marzo de 2006 e confirmala na súa integridade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(488).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ BALADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1287/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 26.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dona Maria del Carmen Rodríguez Balado presenta en data 5 de marzo de 2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia dunha caída na rúa Gran Vía de Vigo, e que lle foi notificada o 11 de febreiro de 2008.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que a pesares de que a Policía local manifestou non ter constanza dos feitos aportáronse fotografías do lugar e hai informe do Servizo de vías e obras no expediente, e se aportaron informes médicos, disintiendo da valoración médica que non obstante presentou ditame estimatorio.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

De conformidade co que dispón o art. 139. 2 da Lei 30/1992, é preciso que os danos ou lesións polos que se reclama sexan avaliabeis economicamente. É por isto que nestes expedientes se solicita valoración médica, e polo que se solicitou e emitiu ditame ó respecto. Isto non significa que o dito ditame sexa vinculante para a Administración, por canto se ben o art. 82 da mencionada Lei 30/1992 establece que, a efectos da resolución do procedemento solicitaranse aqueles informes que se xuzguen necesarios para resolver, o art. 83.1 da mesma Lei di que salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes, que é o que acontece neste suposto.

En todo caso, nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo. Nin na instancia nin nesta vía de recurso hai proba bastante ó efecto, xa que as simples manifestacións do interesado non se consideran proba suficiente ó respecto, e os informes e fotografías que hai no expediente amosan deficiencias na beirarrúa, pero non que foran as causantes das lesións polas que se reclama.

Carto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Maria del Carmen Rodríguez Balado contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2007, que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na rúa Gran Vía de Vigo , e confirmala na súa integridade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(489).- RECLAMACIÓN DE D^a. CAROLINA DEL HOYO GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1390/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.03.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carolina del Hoyo García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 12 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 6 de xaneiro de 2007 ás 4:30 h, mentres camiñaba pola rúa pontevedra, sufriu unha caída por mor da existencia dunha focha na beirarrúa que se atopaba tapada cunha alfombra, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Práctica de proba trstemuñal en data 3.5.2007 á persoa proposta pola reclamante.*
- Informe do Servizo de vías e obras do Concello de data 9.5.2007 sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que a focha na beirarrúa atopábase no intre dos feitos tapada por “alfombra navideña”, achegando fotografías ó efecto.*
- Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello de data 31.8.2007.*
- Informe do Servizo da Policía local de data 18.9.2007 , conforme non tiñan constancia dos feitos polos que se reclama.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 20.9.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento

estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan os seguintes feitos:

- *De conformidade coa proba testemuñal practicada, a reclamante caeu na madrugada do día 6 de xaneiro de 2007, por mor dun oco que había na beirarrúa e que se atopaba nese intre tapado por unha alfombra, lastimándose o su pé esquerdo.*
- *Do informe do Servizo de vías e obras e fotografías que hai no expediente resulta que o oco era dunha loseta que ocupaba 20 x 10 cm cuadrados, e o día da caída atopábase tapado cunha “alfombra navideña”.*
- *A reclamante, recibiu asistencia no servizo de urxencias do Sergas o día 6.1.2007 ás 15:24 h, diagnosticándosele unha escordadura no seu nocello dereito, que de conformidade co ditame médico solicitado valórase en 1099,38 euros, e consonte cos partes de baixa laboral que achegou estivo en situación de incapacidade laboral no réxime xeral da Seguridade social do 8.1.2007 ó 16.1.2007. Se ben achega factura de sesións de rehabilitación non cabe telas en consideración por canto non consta a súa precrición médica.*

Indicar, en primeiro lugar que, neste suposto sería preciso, caso de recoñecer responsabilidade da Administración nos feitos e consonte coas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007, de 7 de maio), que aplica o criterio do Tribunal Supremo na súa sentenza de 30.1.2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral durante ese periodo, co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, por canto en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto para a lesionada.

Non obstante do exáme do expediente resulta que o defecto na beirarrúa que segundo as fotografías do Servizo de vías e obras era visíbel, por canto tiña unha dimensión que permitía dita percepción, e non obstante apréciase a intervención dun terceiro, presumibelmente o dono ou responsábel do local situado ó caron, que colocou a “alfombra navideña” que impediu a súa percepción. Polo tanto, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dona Carolina del Hoyo García, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por unha caída ocorrida o

día 6 de xaneiro de 2007 ás 4:30 a.m. na rúa Pontevedra, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(490).- ABOAMENTO DE ATRASOS COMO SONSECUENCIA DE APLICACIÓN ECONÓMICA DA VALORACIÓN A PARTE DOS GRUPOS D E E. EXPTE. 18078/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 20.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En relación coas reclamacións formuladas por D^a Aurea Cerviño Montenegro, con DNI 36101950T, D^a Teresa M Fernandez Lopez, con DNI 36089312N, D^a Eva Pereira Fontan, con DNI 36148357Q, e D^a Iria Terre Gonzalez, con DNI 36166331-G, solicitando o aboamento das cantidades en concepto de atrasos correspondentes aos periodo comprendido entre o 11 de setembro ao 10 de decembro de 2006, devengados como consecuencia da aplicación económica dunha proposta de valoración a parte dos grupos D e E, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23 de decembro de 2005, así como da solicitude de D Javier Rodriguez Fernandez, que solicita o aboamento dos atrasos correspondente ao incremento salarial derivado do acordo anteriormente citado nas datas comprendidas entre o 8 de xuño ao 7 de decembro de 2006, por esta Unidade de Persoal cumpre informar o seguinte:

As reclamantes tiveron a condición de persoal laboral do Concello de Vigo no período comprendido entre o 11/09/2006 e o 10/12/2006, establecéndose o vínculo contractual a través da figura do contrato laboral de duración determinada por acumulación de tarefas segundo acordos da Xunta de Goberno Local de data 21 de agosto de 2006, no caso de D^a Teresa M Fernandez Lopez, de data 28 de agosto no caso de D^a Iria Terre Gonzalez e de data 4 de setembro de 2006, no caso de D^a Aurea Cerviño Montenegro e D^a Eva Pereira Fontan.

Así mesmo, D Javier Rodriguez Fernandez, con DNI 34967837V e segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño de 2006, estableceuse vínculo contractual a través da figura do contrato laboral de duración determinada por acumulación de tarefas (regulado polo R:D: lexislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art 8.2 e 15, Lei 63/97 e RD 272/98, de 18 de decembro), como alguacil notificador no período comprendido entre o 8 de xuño ao 7 de decembro de 2006.

En sesión de data 23/12/2005 a Xunta de Goberno Local aprobou a aplicación económica dunha proposta de valoración a parte dos grupos D e E de titulación (expediente nº 16.151/220) correspondentes aos postos relacionados cos contidos especificamente considerados de oficios (capataces, encargados xerais, xefes de equipo, xefes de tanda, axudantes, vixiantes,..) así como a aqueles postos que desenvolven tarefas administrativas, implicando tal acordo o incremento das retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento específico e complemento de destino) e tendo efectos retroactivos dende o pasado 1 de febreiro do 2005.

Os artigos 26.3 e 31 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, establecen que a estrutura do salario determinarase mediante a negociación colectiva, ou no seu defecto, mediante contrato individual. O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28/12/1998 e actualmente vixente, consigna expresamente no seu artigo 20 que a estrutura das retribucións do persoal laboral establecerase en función da titulación de equiparación e serán as mesmas que as do persoal funcionario da súa mesma categoría e antigüidade. A maior abundamento, tanto no Decreto da Alcaldía de data 30/06/2005 acordando a contratación referida, como no contrato individual formalizado no seu día entre o Concello de Vigo e as reclamantes, se recolle que a mesma percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria, equiparado a un determinado posto de traballo (auxiliar administrativo-código 140). E no mesmo senso, a contratación realizada a D Javier Rodriguez Fernandez como alguacil-notificador.

Consecuentemente, e á vista do anteriormente exposto, parece obvia a necesidade de proceder ao recoñecemento do dereito dos reclamantes á percepción dos atrasos devengados en concepto da aplicación económica dunha proposta de valoración a parte dos grupos D e E efectuada ao persoal municipal.

Vistas as atribucións que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral, elévase ao criterio do devandito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a D^a Aurea Cerviño Montenegro, con DNI 36101950T, D^a Teresa M Fernandez Lopez, con DNI 36089312N, D^a Eva Pereira Fontan, con DNI 36148357Q, e D^a Iria Terre Gonzalez, con DNI 36166331-G , o dereito ao aboamento de cantidade de 331.50 €, a cada unha delas en concepto de atrasos devengados como consecuencia da aplicación económica da proposta de valoración a parte dos grupos D e E, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/12/2005, polo periodo comprendido entre o 11 de setembro e o 10 de decembro de 2006.

Asi mesmo, recoñecer a D Javier Rodriguez Fernandez, con DNI 34967837V o dereito ao aboamento de cantidade de 536,87 €, en concepto de atrasos devengados como consecuencia da aplicación económica da proposta de valoración a parte dos grupos D e E, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/12/2005, polo periodo comprendido entre o 8 de xuño ao 7 de decembro de 2006.

En consecuencia ordear a tesoureiria Municipal realice a liquidación correspondente aos novos importes retributivos, en tal concepto con cargo á partida presupostaria 12101400000 “outras modalidades de contratación temporal”, sempre previo o preceptivo informe de fiscalización da Intervención Xeral.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa previa ó exercicio de accións en sede xurisdiccional laboral, poderanse interpoñer os recursos recollidos no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, así como calquera outros que estimen procedentes en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(491).- FESTIVIDADE E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES Ó MES DE FEBREIRO DE 2008. EXPTE. 18101/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	RELACION	MES	IMP. FEST	IMP. NOCT	IMPORTE TOTAL
Conserxería	FDEZ. ALONSO, JOSE ANGEL	Decembro 07	88,55	13,00	101,55
Instituto Mpal.Deportes	De REY VAZQUEZ, SERGIO a RIAL ESTÉVEZ, FRANCISCO	Xaneiro 08	170,96	29,15	200,11
1ª Tenencia Alcaldía	De ALONSO RODRIGUEZ, J. PABLO a PEREZ COSTAS, J. LUIS	Xaneiro 08	184,71	145,75	330,46
Electromecánicos	ARIAS RODRIGUEZ, DAMASO	Xaneiro 08	58,95	352,45	411,40

SERVICIO	RELACION	MES	IMP. FEST	IMP. NOCT	IMPORTE TOTAL
Montes,Parques e Xardíns	De ARAUJO CONDE, FERNANDO a VIDAL ALVAREZ, J. LUIS	Xaneiro 08	1.194,72	596,25	1.790,97
Conserxería	FDEZ. ALONSO, JOSE ANGEL	Xaneiro 08	49,13	18,55	67,68
Conserxería	VAQUEIRO HERBELLO, Mª TERESA	Xaneiro 08	49,13	0,00	49,13
1ª Tenencia Alcaldía	De ALONSO RODRIGUEZ, J. PABLO a PEREZ COSTAS, J. LUIS	Febreiro 08	306,54	230,55	537,09
Desinfección	De ARAUJO RODRIGUEZ, M. SALOME a ROCHA ALVAREZ, ROGELIO	Febreiro 08	235,80	212,00	447,80
Bombeiros	De ABALDE FERNANDEZ, CARLOS a VILLAVERDE VELEIRO, JOSE B.	Febreiro 08	25.320,99	17.148,15	42.469,14
Parque Central	De AIRA PEREIRO, EMILIO a RODRIGUEZ SOUTO, J. ANTONIO	Febreiro 08	868,53	691,65	1.560,18
Limpeza	De HERMIDA SANMARTÍN, J. JOSÉ a LOJO PANCORBO, J. MANUEL	Febreiro 08	353,70	805,60	1.159,30
Electromecánicos	ARIAS RODRIGUEZ, DAMASO	Febreiro 08	78,60	389,55	468,15
Montes,Parques e Xardíns	De ARAUJO CONDE, FERNANDO a VIDAL ALVAREZ, J. LUIS	Febreiro 08	1.296,90	691,65	1.988,55
Parque Móbil	De ALONSO IGLESIAS, MANUEL a VULCANO FERREYRA, J. GENARO	Febreiro 08	1.670,25	1.207,08	2.877,33
Policía Local	De ABALDE CASANOVA, IVÁN a VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO	Febreiro 08	32.306,72	25.078,94	57.385,66
Policía Local	De ALONSO CARIDE, CONSTANTE a VILA CAMPOS, FCO. JOSÉ	Febreiro 08	2.767,78	464,47	3.232,25
Policía Local	De ALONSO CARIDE, CONSTANTE a VIVERO MIJARES, J. GUILLERMO	Febreiro 08	4.495,92	0,00	4.495,92
Cemiterios	De ALFONSO SANMARTIN, JESUS a VILANOVA ACUÑA, DELMIRO	Febreiro 08	2.165,43	0,00	2.165,43
Conserxería	FRANCISCO MARTINEZ MUÑOZ	Febreiro 08	31,44	0,00	31,44
		TOTAL	73.663,30	48.074,78	121.769,52

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 121.769,52 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

22(492).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR HORAS EN EXCESO DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTES Ó MES DE FEBREIRO DE 2008. EXPTE. 18103/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en

compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de febreiro-2008, e que ascenden a un total de 634.84 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

23(493).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVICIOS CORRESPONDENTES Ó MES DE FEBREIRO DE 2008. EXPTE. 18126/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.03.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión Municipal a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 6.381,66 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, OSPIO-Vias e Obras-Control Concesionarias, Seguridade, Educación, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios, Parque Móbil, Museo Quiñones de León, Conserxería e Muller con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	196,84
5110	OSPIO-Vias e Obras-Control Concesionarias	3.697,67
2220	Mobilidade e Seguridade	862,98
4220	Educación	413,06
4631	Participación Cidadá	48,83
3130	Benestar Social	72,77
4430	Cementerios	191,90
1212	Parque Móbil	243,44
4513	Museo Quiñones de León	61,56
1210	Conserxería	514,14
4632	Muller	78,47
TOTAL		6.381,66

24(494).- CONTRATACIÓN INTERINA EN RÉXIME LABORAL DE DOUS OFICIAIS CONDUCTORES. EXPTE. 18127/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.04.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 18.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

No cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente, aprobado definitivamente polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 30 de maio de 2005 (BOP de Pontevedra de 7 de xuño de 2005), actualmente prorrogado, figuran vacantes, entre outras, dúas prazas de Oficial de Oficinas, con postos de Oficial conductor no Servizo do Parque Móbil, que son necesarias cubrir para garanti-lo normal funcionamento do mesmo, tal e como se reflexa nos escritos de datas 4 de decembro de 2007 e 10 de marzo de 2008, asinado polo xefe do Servizo e a conformidade da concelleira-delegada da area de Servizos Xerais.

O concelleiro-delegado da área de xestión municipal, mediante instrucción de servizo de data 12 de marzo pasado, autorizou a contratación interina de dous oficiais conductores das sete vacantes cas que conta na actualidade o Servizo do Parque Móbil Municipal.

Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como persoal laboral fixo de cinco prazas de oficial conductor, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, figurando na acta do tribunal de data 25 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, sendo nomeados por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de agosto de 2007, praza da que tomaron posesión o 7 de setembro seguinte. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Requeridos os dous seguintes aspirantes da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, estes aceptaron expresamente, mediante escritos de 18 de marzo actual, optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a través das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque este Concello.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.

A norma invocada fai referencia ós funcionarios de carreira, se ben debe entenderse tamén de aplicación supletoria para o persoal laboral contratado en réxime de interinaxe, toda vez que as prazas vacantes resérvanse a persoal laboral.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Emprego Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 233 da RPT vixente).

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilitar a máxima axilidade na selección en razón á urxencia requirida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.

Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de catorce prazas de auxiliar de administración xeral.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Estatuto dos Traballadores, desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro e Real Decreto Lexislativo 5/2001, de 2 de xaneiro, as empresas –incluídas as administracións públicas– poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que non se ultime o proceso selectivo correspondente par a súa cubrición definitiva.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Unidade de Pesoal, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina de dous contratados interinos, con cargo a prazas vacantes de Oficial Conductor en réxime laboral.

Segundo.- Contratar interinamente con cargo as referidas prazas vacantes de Oficial Conductor, á D. MANUEL ALFONSO LÓPEZ RODRÍGUEZ, con D.N.I. 36.049.331-M e, D. JESUS CARBALLO MAGARIÑOS, D.N.I. 76.819.393-Z, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de oficial conductor incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

Terceiro.- Os interesados formalizaránselle contratos laborais-temporais de interinaxe, ó aveiro do disposto nos artigos 15.1.c), e do 14 do Estatuto dos Traballadores, R.254/1994, RD.2720/98, RDL 11/98 e lei 50/98.

Os aspirantes nomeados deberán subscribi-los seus contratos laborais-temporais de interinaxe no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da prasente acordo.

A formalización destes contratos de interinaxe e a conseguinte extinción do vínculo laboral con ésta Administración producirase automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban ós interesados previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque e, no que necesariamente deberán incluírse as mesmas, nos termos dispostos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(495).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PLAN PARCIAL GANDARIÑA. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4752/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta, do 12.03.08, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión e o director dos servizos técnicos, que di o seguinte:

O 29.01.07 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva do Plan Parcial de Gandariña (expte. 7733/411).

En data 9.07.07 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: “(...) PRIMEIRO: Aplicar á xestión do sector correspondente o "Plan Parcial de Gandariña" o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004). SEGUNDO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada por escritura de 8.05.07 ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Riol Pérez (protocolo número 1433). Así mesmo, requirir dos órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo (...)”.

O 25.05.07 don Juan Manuel Pérez Pamies presentou no Rexistro da Xerencia municipal de urbanismo documentación técnica do proxecto de urbanización para a súa tramitación e aprobación.

Consta no expediente o informe sobre o alumeado público emitido polo servizo de electromecánicos de 9.08.07.

Así mesmo, o Ministerio de Fomento informou desfavorablemente a proposta de proxecto de urbanización.

A Xunta de goberno local, na súa sesión de 26.11.07 acordou o seguinte: “(...) 1.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización do plan parcial Gandariña, elaborado polos arquitectos Alberto Cameselle Lago, Alberto Cominges Molins e Pedro de la Puente Crespo, con visados de datas 27.02.07 e 1.08.07. En todo caso, con anterioridade á aprobación definitiva, se deberá subsanar as deficiencias observadas polo Ministerio de Fomento (...)”.

Acto seguido se procedeu á apertura dun trámite de información pública, con audiencia ós interesados. O anuncio e aprobación inicial foi publicado no BOP de Pontevedra o 19.12.07 e no Faro de Vigo o 21.12.07.

O 8.01.08 (doc 80002274) e 11.01.08 (doc 80003533) don Juan Manuel Pérez Pamies presenta escrito acompañado de tres copias de planos do proxecto de urbanización, ó entender que na primeira versión existía un erro.

En data 5.01.08 dona Meletina Cid Rodríguez e don Modesto Domínguez Robles (doc 80004920) presentaron escrito no que se renuncia a presentación de alegacións.

O Ministerio de Fomento informou novamente o 7.03.08, no seguinte sentido: “(...) Una vez examinada la documentación remitida, se informa favorablemente el asunto de referencia, al considerarse subsanadas las deficiencias planteadas en el informe evacuado por esta Unidad de Carreteras de fecha 25 de septiembre de 2007. No obstante, independientemente del proyecto global será necesaria, antes la ejecución de las obras, la presentación del correspondiente proyecto completo de modificación del acceso que se pretende realizar, de acuerdo con lo establecido en el Título V de la O.M. de 16 de diciembre de 1997 de Accesos a las carreteras del Estado, vías de servicio y construcción de instalaciones de servicio, con el fin de proceder a su específica autorización por parte de este Ministerio. Igualmente, aquellas obras que como desarrollo de este Proyecto de Urbanización se vayan a ejecutar en el ámbito de las zonas de protección de la Autovía A-55 deberán ser objeto de autorización previa (...)”.

O enxeñeiro técnico de obras públicas emite informe o 10.03.07: “(...) En data 8 de xaneiro de 2008 (doc 80002274) e 11 de xaneiro (doc 80003533) Juan Manuel Pérez Pamies presentou correccións dos planos 3.01, 3.02 e 4.01. O 25 de setembro de 2007 o Enxeñeiro Xefe da Unidade de Estradas en Pontevedra da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia informou desfavorablemente ó proxecto da urbanización no ámbito das súas competencias. O 21 de xaneiro do 2008 o presidente da xunta de compensación presentou en esta Xerencia o proxecto Complementario nº 1 do de Urbanización do plan parcial Gandariña 2-B, no que se subsanaban as deficiencias detectadas polo enxeñeiro xefe da unidade de Estradas do Ministerio, este Complementario foi redactado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Julio Roberes de Cominges. O 28 de xaneiro de 2008 se lle enviou unha copia a Unidade de Estradas en Pontevedra da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para que informase ó respecto. CONSIDERACIÓN: Aínda que as correccións dos planos presentados non afectan directamente ó contido d proxecto de urbanización, tratan da fixación da liña exacta de de protección de estradas. Non existe inconvinte en incorpora-los ó proxecto de urbanización. O 7 de marzo do 2008 tivo entrada nesta Xerencia un informe da Unidade de Estradas en Pontevedra da Demarcación de

Estradas do Estado en Galicia no que informa favorablemente ó proxecto Complementario. Polo dito anteriormente, non considero que exista inconveniente de tipo técnico para que se proceda a aprobación definitiva de dito proxecto (...)”.

O mesmo técnico aclarou certos aspectos sobre a necesidade de conexión da rede de augas fecais na urbanización do Plan Parcial de Gandariña 2-B, no seguinte sentido: “(...) Na tramitación do proxecto de urbanización de dito Plan Parcial, no ano 2007, volveuse a estudar a rede de saneamento existente no ámbito e no entorno no mesmo e comprobouse a existencia dun novo colector incluído no ámbito, tras unha nova consulta a Aqualia, este servizo manifestou que tiña capacidade suficiente para captar os efluentes fecais da urbanización e podese conectar alí a rede, polo cal non se fai necesario o cumprimento da obriga de conexión de fecais na rúa Paz Pardo imposta no Plan Parcial (...)”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someteuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días. Unha vez analizadas as alegacións presentadas, procede a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.*
- *Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de compensación. A Xunta de compensación asume a obriga de custear e executar a urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.*
- *Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor.. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade. Así mesmo, de acordo co informado dende o Ministerio de Fomento (Demarcación de Carreteras), se entenden subsanadas as obxeccións plantexadas no primeiro informe.*
- *Constitución das garantías precisas- O contido do artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, está afectado polo artigo 72 da Lei 9/02. Esta norma esixe a constitución dunha garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. O texto da normativa urbanística actualmente en vigor, esixe a constitución dunha garantía do 100% no caso de que esteamos en presenza de solo urbano. A mesma ven prevista para o suposto de licencias condicionadas a completar a urbanización, pero non se realiza ningunha mención á execución de polígonos, cuxas obras de urbanización son de maior entidade que o previsto para o solo urbano consolidado. Por todo elo, en aplicación do principio lex posterior derogat lex anterior e de xerarquía normativa, se entende que é de aplicación o previsto no artigo 74 da Lei 9/02. Polo tanto, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (execución por contrata) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. As mesmas, hanse cancelar unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía. Naquel caso que se pretenda a edificación simultánea, deberase constituir unha garantía pola totalidade do presuposto de execución por contrata que figura no proxecto de urbanización.*
- *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, propóñese a adopción do seguinte acordo:

- *Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do Plan Parcial “Gandariña” elaborado polos arquitectos don Alberto Cameselle Lago, don Alberto Cominges Molins e don Pedro de la Puente Crespo (visados 27.02.07 e 1.08.07), acompañados polos planos aportados no trámite de información pública o 8 e 11.01.08 (visados do COAG data 8 e 10.01.08). Así mesmo, incorpórase o documento complementario elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais don Julio Roberes de Cominges (visado 16.01.08).*
- *Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento (execución por contrata) do proxecto. Necesariamente deberá comunicarse o inicio das obras e á comprobación do replanteo á que deberán estar presentes un Técnico da XMU, o Supervisor municipal, o Promotor, Contratista, Técnico director das obras e Coordinador de seguridade e saúde.*
- *Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas “R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.”, “Telefónica de España, S.A.”, “Unión Fenosa S.A.”, Aqualia e “Gas Galicia S.A.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(496).- PROXECTO DE COMPENSACIÓN UA 2-PENÍS DE ARRIBA. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4642/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 13.03.08, asinado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión, pola arquitecta municipal e polo técnico de Admón. Xeral, que di o seguinte:

En data 06.06.1997 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do polígono “UA 2 Penís de Arriba” (Cabral) (Expte. 4115/411)

No 18.03.1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación dese polígono (expte. 4023/401, BOP núm. 2, do 05/01/1999).

O 24.08.2000 constituíuse a Xunta de Compensación, mediante Escritura Pública outorgada perante o notario D^a Esperanza Molina Sueiro co núm. 1.974 do seu protocolo. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión de 9.11.00 acordou aprobar dita constitución (expte. 4254/401).

Consta no expediente número 180/413 a expropiación dos propietarios non incorporados á Xunta de Compensación.

O 13.12.05 don Francisco Manuel Vila Estévez solicita a aprobación definitiva do proxecto de compensación da “UA 2 Penís de Arriba”. Logo do oportuno requerimento de documentación, a mesma foi completada durante o ano 2007.

Consta no expediente certificado de aprobación inicial do proxecto de compensación de data 31.07.07. Dita aprobación foi comunicada ó Concello o 28.08.07.

Acto seguido se procedeu ó outorgamento dun trámite de audiencia e de información pública. Consta a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 13.12.07.

O 23.01.08 dona Dolores Aurora Barciela Martínez presenta escrito de alegacións (doc 80009329).

O contido do proxecto de compensación se resume do seguinte xeito:

PARCELAS INICIAIS

Nº	PARCELAS PRIVADAS ORIGIXINAIS	COTA PARTICIPACIÓN
	m ²	%
1	350	2,506
2	756	5,413
3	740	5,299
4	725	5,191
5	157	1,124
6	527	3,773
7	427	3,057
8	648	4,640
9	671	4,805
10	749	5,363
11	390	2,792
16	374	2,678
17	481	3,444
18	356	2,549
18-19	37	0,265
19	166	1,189
20	459	3,287
21	235	1,683
22	602	4,310
22 BIS	602	4,310
23	143	1,024
24	250	1,790
25	990	7,089
26	205	1,468
27	1.532	10,969
28	694	4,969
29	319	2,284
30	381	2,728

	13.966	100,000
--	--------	---------

PARCELAS FINAIS

EDIFICABILIDADE TOTAL: 6.983 m2.
23 parcelas vivenda unifamiliar aillada e 7 vivenda unifamiliar adosada.

PARCELA DE RESULTADO	SUPERF. PARCELA	EDIFICABILIDADE ASIGNADA	PARCELAS ORIXE	PARTICIPACIÓN GASTOS URBANIZACIÓN %
1	372,56	242,374	1 e 2	3,86
2	396,34	257,118	6	4,09
3	352,86	230,160	3	3,66
4	391,37	252,848	8	4,02
5	386,52	252,217	7 e 9	4,01
6	356,75	232,572	21, 22bis, 18-19, 19, 10% Concello	3,51
7	387,79	251,817	2, 3 e 4	4,01
8	382,55	248,568	2	3,96
9	338,58	221,307	4	3,52
10	317,02	207,939	25	3,31
11	377,11	245,196	9 e 10	3,90
12	310,9	204,145	11 e 17	3,25
13	371,25	241,562	22, 22bis e 6	3,84
14	403,02	261,259	10	4,16
15	408,61	264,725	4, 5 e 9	4,21
16	317,90	208,485	20	3,32
17	318,51	208,863	17	3,32
18	350,6	233,676	10, 16, 18 e 20	3,72
19	320,67	210,202	30 e 8	3,34
20	331,37	216,836	22	3,45
21	364,37	237,561	25	3,78
22	363,92	236,752	17, 21, 23, 24 e 28	3,77
23	198,08	249,083	27	3,96
24	180,52	228,011	24 e 27	3,63
25	180,52	228,011	27	3,63
26	180,52	228,011	27 e 28	3,63
27	180,52	228,011	10% Concello	0,00
28	180,52	228,011	10% Concello	0,00
29	182,29	230,135	10% Concello	0,00
30	300,25	197,542	29, 10 e 27	3,14
TOTAL	9503,79	6.983,00		100,00

CADRO RESUMO

	Proxect. compensación
Ámbito	15.182,72 m ²

Propiedades particulares	13.966 m ²
Viais e camiños	1.216,72 m ²
Parcelas resultantes	
Parcelas particulares	9.503,79 m ² .
Zonas verdes	1.588 m ² .

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Sistema de execución previsto para a execución do planeamento da UA 2 “Penís de Arriba”.- O sistema previsto para a execución do planeamento do presente polígono é o de compensación. De acordo co previsto no artigo 154 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os propietarios achegan os terreos de cesión obrigatoria e realizan a súa custa a urbanización nos termos e condicións que se establezcan no plan. Na execución do planeamento polo antedito sistema, deberá observar asemade o disposto nos artigos 157 e seguintes do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, naquelo no que non contradiga o disposto pola lexislación autonómica.

2.- Contido do proxecto de equidistribución.- O obxecto do proxecto de compensación é o xusto reparto de beneficios e cargas e a agrupación de predios comprendidos no polígono para a súa nova división axustada ao planeamento mais detallado aprobado, según establece o artigo 115 da lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, neste caso o ED. U.A.2 “Penís de Arriba”. O Proxecto de compensación efectúa un reparto de aproveitamentos proporcional á superficie das parcelas respectivas e proporcional ao valor urbanístico das parcelas de orixe.

O proxecto de compensación consta dunha memoria explicativa, con visado do colexio de arquitectos de data 30 de novembro de 2007, fichas de cada una das parcelas de data de visado 30 de novembro de 2007, agás as fichas das parcelas zona verde senda P.1 e zona verde senda P.2, que foron corrixidas polo que as válidas teñen data de visado 26 de febreiro de 2008. Planos: son válidos os planos que constan no expediente con data de visado 30 de novembro de 2007 e o plano nº4 de “Localización de cesión” de data de visado 26 de febreiro de 2008.

A parcelación resultante do proxecto de compensación adáptase ao estudio de detalle E.D. da U.A.2 Penís de Arriba (aprob. def. 3/07/2007). O acordo de aprobación inicial dí: “A proposta de parcelación contida neste Estudio de Detalle debe considerarse meramente orientativa, a resultados do que para o efecto se dispoña no proxecto de compensación que se formule, onde, ademais, deberá figurar a cesión ó Excmo. Concello de Vigo do aproveitamento urbanístico que legalmente lle corresponde”. O acordo de aprobación definitiva, corroborou o documento que serviu de base para a súa aprobación inicial.

A parcelación contida no proxecto de compensación recolle as cesións correspondentes ao Concello, tanto de viais e de zonas verdes como das parcelas para ubicar o 10% da edificabilidade.

Da análise do Estudio de Detalle e da información, máis pormenorizada, achegada no expediente do proxecto de compensación, dedúcese que a superficie das parcelas privadas é de 13.966 m², non os 14.292,5 m² que figuran no estudio de detalle, e cos que se fixeron os cálculos da edificabilidade. A edificabilidade total, calculada coa superficie real, é dicir 13.966 m² (13.966x0,5) será 6.983 m², da cal 698,3 m² correspóndenlle ao Concello. Polo que aínda que no E.D. a edificabilidade que se ordenou foi en total 7.075,30 m², no proxecto de compensación distribúense os 6.983 que se deducen da superficie real. Todo elo, na aplicación das regras de interpretación do planeamento urbanístico previstas no artigo 6º da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.- Análise individualizada de cada unha das alegacións presentadas.- Con posterioridade á terminación do

prazo outorgado de audiencia e de información pública, dona Dolores Aurora Barciela Martínez presenta escrito en data 23.01.08 (doc 80009329). Tendo en conta a data de presentación, procede a inadmisión da mesma. Non obstante, perante o acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación, a interesada poderá interpoñer recurso de reposición alegando os motivos que estime convintes.

4.- Consecuencias da aprobación do proxecto de equidistribución.- A aprobación do proxecto de compensación, tendo en conta o disposto no artigo 118 da Lei 9/02, supoñe entre outros efectos os seguintes: a) Transmisión ó municipio, en pleno dominio e libre de cargas, de tódolos terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación ó patrimonio municipal do solo ou a súa afectación ós usos previstos no planeamento. b) Subrogación, con plena eficacia real, das antigas polas novas parcelas, sempre que quede establecida a súa correspondencia. c) Afectación real das parcelas adxudicadas ó cumprimento das cargas e pagamento dos gastos inherentes ó sistema de actuación. Con respecto ós dereitos incompatibles co planeamento (todos os de arrendamento entre eles), prevese a súa indemnización e polo tanto extinción, todo elo de acordo co previsto no artigo 119 da Lei 9/02, de 30 de decembro.

5.- Título para a presentación no Rexistro da Propiedade.- A certificación de firmeza do acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación é título para a realización das operacións de reorganización da propiedade que sexan necesarias (artigo 6 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo). Por outra parte, consta no expediente a notificación no expediente de todos os propietarios de fincas e titulares de cargas e gravámenes, todo elo o abeiro do disposto no apartado 7.11 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo). En conclusión, a tramitación do proxecto de compensación é susceptible de reanudar o tracto naquelas fincas que constan con inscrición rexistral. Non obstante, a para a reanudación do tracto da parcela número 6ª, o abeiro do disposto no artigo 9.1 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, precisa a previa inscrición do título público intermedio.

6.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación é atribuída á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación da UA 2 “Penís de Arriba” formado polos documentos descritos no punto segundo do presente informe-proposta.

SEGUNDO.- Inadmitir a alegación por extemporánea presentada por dona Dolores Aurora Barciela Martínez (data de presentación 23.01.08 e doc número 80009329).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer potestativamente, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

TERCEIRO.- Dar del alta no inventario de bens do Patrimonio municipal do solo –carácter patrimonial- as parcelas 27, 28 e 29. Así mesmo con carácter de ben de dominio público os terreos destinados a viais “” e “Zona Verde 1”, “Zona Verde 2” e as superficies de apliación dos viais “Rúa Parachán”, “Rúa Curras” e “Rúa do Salgado”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(497).- INADMISIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN E APROBACIÓN DA OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL GANDARIÑA. EXPTE. 4777/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral,

do 18.03.08, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

En data 29.01.07 (expte 7733/411) ou Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación do Plan Parcial Gandariña 2. Dito acordo foi publicado non Boletín Oficial da Provincia e non Diario Oficial de Galicia ou 19.02.07.

Consta no expediente acordo polo que se aprobaba a adhesión ao modelo xeral de bases e estatutos, así como a aprobación da Xunta de Compensación que foi constituída mediante escritura notarial autorizada polo Notario don José Pedro Riol López (expte 4753/401). Consta non Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras en virtude da Resolución do Director Xeral de Urbanismo de data 17.09.07.

En data 18.10.07 don Juan Manuel Pérez Pamies, comunica que na assemblea xeral extraordinaria da Xunta de Compensación do Plan Parcial Gandariña 2, deu aprobación inicial o proxecto de compensación de dito ámbito. Dito acordo foi protocolizado por escritura pública protocolizada polo Notario José Pedro Riol López (número 2.915) o 15.10.07.

O 14.01.08 a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: “(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do “Plan Parcial Gandariña 2” protocolizado por escritura pública de 15.10.07 polo Notario don José Pedro Riol López (número 2.515) coa excepción da descripción da parcela de resultado número cinco á que se lle da aprobación é a documentación aportada polos propietarios o 28.11.07, coa salvedade do previsto no punto 6º e 7º do presente informe-proposta (...)”. Entre as observacións realizadas no acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación, no punto 6º se mencionaba a seguinte: “(...) Para a modificación ou rectificación da declaración de obra nova deberán cumprirse previamente os requisitos e formalidades previstas nos artigos 46, 49, 52 e 54 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias o regulamento para a execución da Lei hipotecaria e inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística. Polo tanto, a afirmación contida na descripción da parcela de resultado número cinco (“<...> En virtud de lo dispuesto en el art. 8 del Real Decreto 1.093/1997, de 4 de julio, por el que se aprueban las normas complementarias al Reglamento para la ejecución de la Ley Hipotecaria sobre inscripción en el Registro de la Propiedad de actos de naturaleza urbanística, se procede a la modificación de la división horizontal, creándose dos elementos independientes y modificándose el título constitutivo <...>”) a súa aprobación queda condicionada o cumprimento da tramitación prevista nos artigos 49, 52 e 54 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo (...)”.

Fóra do prazo legalmente establecido para recurrir en reposición, don Edmundo Portolés Sanjuán, en nome e representación da sociedade “Inversiones Chan da Lagoa, S.L.” presenta escrito (data de presentación 7.03.07, doc 80029450) calificado como recurso de reposición. No mesmo solicita expresamente o seguinte: “(...) Que habiéndose presentado este escrito, se tenga por interpuesto recurso de reposición contra el acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Excmo. Ayuntamiento de Vigo de fecha 14 de enero de 2008 por el que se aprueba definitivamente el proyecto de compensación del Plan Parcial Gandariña 2, de Vigo, con el objetivo de que se dicte nueva resolución por la que se sustituya el apartado 6º de la parte expositiva del acuerdo recurrido por la redacción señalada en el punto Tercero del presente recurso, de modo que, a salvo de lo dispuesto en el apartado 7º, se dé aprobación definitiva a la parcela de resultado número 5, tal y como se contenía en la escritura pública autorizada el 15-10-2007 por el Notario de Vigo, Don Pedro Riol López <Nº 2915 de protocolo> con las correcciones efectuadas mediante la documentación aportada por los propietarios de esta parcela en el Registro de la Gerencia Municipal de Urbanismo con fecha 28-11-2007 (...)”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Admisibilidade do recurso de reposición presentado por don Edmundo Portolés Sanjuán, en representación de “Inversións Chan da Lagoa, S.L.” <doc 80029450> e necesidade de completar/rectificar o acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación.-A notificación do acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación se practicou o 25.01.08. A data de presentación do recurso de reposición foi o 7.03.08. De acordo co previsto no artigo 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, o recurso é extemporáneo e polo tanto non cabe outra resolución que a inadmisión. Non obstante, da lectura do recurso se deduce a existencia dun erro no

acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación que pode ser subsanado por medio dunha operación xurídica complementaria ó abeiro do disposto no artigo 174 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. As mesmas teñen por obxecto completar ou perfeccionar o instrumento reparcelatorio, sen que tales operacións supoñan unha alteración substancial das previsións do mesmo.

2.- Rectificación que se propoñe no acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación do sector "Plan Parcial Gandariña".- Como quedou exposto nos antecedentes, o punto 6º do acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.01.08 propoñíase a eliminación da afirmación da parcela de resultado número cinco na que se facía mención á modificación da división horizontal ó abeiro do disposto no artigo 8º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo. Pois ben, efectivamente para o único que se require o cumprimento das formalidades previstas nos artigos 46, 49, 52 e 54 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, é para a modificación da declaración de obra nova e non para a modificación da división horizontal. Polo tanto, debe restablecerse a primitiva redacción do proxecto de compensación no sentido que se propoñía dende a Xunta de Compensación e, polo tanto, incorpórase á redacción do proxecto reparcelatorio aprobado definitivamente a seguinte descripción da parcela de resultado número 5: "(...) En virtud de lo dispuesto en el art. 8 del Real Decreto 1.093/97, de 4 de julio, por el que se aprueban las normas complementarias al Reglamento para la ejecución de la Ley Hipotecaria sobre inscripción en el Registro de la Propiedad de actos de naturaleza urbanística, se procede a la modificación de la división horizontal, creándose dos elementos independientes y modificándose el título constitutivo (...)".

3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a aprobación á Xunta de goberno local.

Polo tanto, á vista do informado, se formula a seguinte PROPOSTA

1.- Inadmitir o recurso de reposición interposto por don Edmundo Portolés Sanjuán ó acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación do Plan Parcial "Gandariña".

2.- Acordar a realización da operación xurídica complementaria do proxecto compensación do polígono único do "Plan Parcial Gandariña", no sentido de introducir no proxecto de compensación a referencias descrita na parte positiva número 2 do presente informe-proposta.

3- Comunicar ós interesados que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(498).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO I DO PERI II-12 FLORIDA. EXPTE. 4774/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.03.08, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión e polo director dos Servizos Técnicos, que di o seguinte:

En data 07.09.1990 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "II-12-A Florida-B". No 07.12.1997 aprobáronse as Bases e Estatutos do Polígono 1 do devandito PERI (BOP núm. 14, do 22/01/1998). No 05/03/1998 constituíuse a Xunta de Compensación (XC) do Polígono, mediante Escritura Pública outorgada ante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co núm. 424 do seu protocolo, que foi aprobada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo mediante acordo do 15/05/1998. No 04/04/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do Polígono 1 do PERI "II-12-A FLORIDA B", na súa versión definitiva, redactado polos arquitectos D. Enrique López Santander e D. Teodoro de Francisco Antes (expte.

4245/401)".

O 31.10.02 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do polígono 1 do PERI "II-12-A Florida B", presentado pola Xunta de Compensación, con memoria e planos asinados polos Arquitectos D. Enrique López Santander, e D. Teodoro de Francisco Antes, e polo enxeñeiro D. Alberto Moreno García, visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños no 22/05/2002 (Expte. 4367/401) (...)".

Don Santiago Castro Paz, en nome e representación da Xunta de compensación solicita o 25.09.07 a recepción definitiva da urbanización do PERI II-12 Florida B, polígono 1.

Constan no expediente os seguintes informes:

- "Telefónica de España, S.A." de 25.10.07.
- "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." de 5.11.07.
- "Gas Galicia, S.A." de 12.12.07.
- "Unión Fenosa, S.A." de 20.12.07.
- "Aqualia gestión integral del Agua y Fomento de construcciones y contratas, S.A-UTE" de 24.12.07.
- Limpeza de 15.01.08. Con respecto ós informes recabados deste departamento, a oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras informa o seguinte: "(...) en cuanto al informe emitido por el departamento de limpieza de fecha 15 de enero de 2008, indicar que el mobiliario urbano relativo a limpieza se adapta a lo aprobado en su día en el proyecto de urbanización (...)".
- Electromecánicos de 23.01.08.
- Mobilidade e seguridade de 23.01.08.
- Montes, parques e xardíns de 24.01.08.
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 28.01.08.

O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 29.02.08 o seguinte: "(...) Las obras cuya recepción total se propone, están incluidas en el Proyecto de urbanización del polígono 1 del PERI II-12 Florida B <expte 4367/401>, aprobado definitivamente en sesión del 31.10.02 del Consejo de la Gerencia municipal de urbanismo. Hay que indicar que el area incluida en el Proyecto de Urbanización, se excluyó la correspondiente zona deportiva, en la cual el Concello decidió sacar a concesión la construcción de una piscina municipal. Las obras cuentan con los informes favorables de las distintas compañías operadoras de servicios urbanísticos, y de los diferentes departamentos municipales. Desde el punto de vista urbanístico, no existe problema para acceder a lo solicitado (...)".

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo Concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...)". 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)".

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesariedade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun

ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación.

4.- *Innecesiedade da adopción do presente acordo.*- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

5.- *Órgano competente para a resolución do expediente.*-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 28.01.08 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 29.02.08, acordar a recepción das obras de urbanización do polígono 1 do PERI II 12 Florida (expte 4774/401).

SEGUNDO: Requerir ós propietarios para que procedan á inmediata constitución da entidade de conservación.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, supervisión e inspección de obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A.".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(499).- PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 6 DO PEPRI DE BOUZAS. APROBACIÓN DEFINITIVA (EXPTE. 4786/401).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 31.03.08, asinado pola arquitecta da Oficina de Barrios Históricos e polo técnico de Admón. Xeral, que di o seguinte:

Por acordo de 30.09.02 o Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (expte 5826/411).

Consta en el expediente aprobación da constitución da Xunta de compensación do polígono VI de Bouzas, formalizada por escritura pública de 21.12.05 autorizada polo Notario don José María Rueda Pérez (protocolo número 2828). A citada entidade urbanística colaboradora está inscrita no Rexistro de entidades de tal natureza da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

O 30.11.07 don Daniel Vázquez Ferro, como presidente da Xunta de Compensación presentou solicitude de

tramitación de proxecto de compensación, achegando diversa documentación.

Acto seguido procedeuse á notificación individualizada de cada un dos propietarios e á publicación da exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 7, Xoves, 10 de xaneiro de 2008).

Consta no expediente certificado do Secretario da Xerencia municipal de urbanismo no que se constata a presentación de dous escritos:

- Documento número 80005313 presentado pola Xunta de compensación do polígono 6 do PEPRI de Bouzas.
- Documento número 80008795 presentado por don Antonio Nieto López.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS

1.- Sistema de execución previsto para a execución do planeamento no polígono 6 do PEPRI de Bouzas.- O sistema previsto para a execución do planeamento do presente polígono é o de compensación. De acordo co previsto no artigo 154 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os propietarios achegan os terreos de cesión obrigatoria e realizan a súa custa a urbanización nos termos e condicións que se establezcan no plan. Na execución do planeamento polo antedito sistema, deberá observar asemade o disposto nos artigos 157 e seguintes do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, naquelo no que non contradiga o disposto pola lexislación autonómica.

2.- Contido do proxecto de equidistribución.-O Proxecto de compensación efectúa un reparto de aproveitamentos proporcional á superficie das parcelas respectivas e proporcional ao valor urbanístico das parcelas de orixe, conforme ao disposto no modelo de Bases e Estatutos aprobados polo Consello da Xerencia de Urbanismo, con data 11/12/2003 (BOP 2/01/2004), modelo ao que se adhiriu esta Xunta de Compensación mediante escritura ante notario D. José María Rueda Pérez de data 21.12.05.

A superficie total do ámbito é de 2.702 metros cuadrados.

3.- Análise individualizada de cada unha das alegacións presentadas.- A seguir se realiza unha análise individualizada de cada unha das alegacións presentadas polos propietarios:

- Documento número 80005313 presentado pola Xunta de Compensación do polígono 6 do PEPRI de Bouzas.- Se presenta copia da acta de notoriedade acreditando como único propietario da parcela 26 a don Enrique Janeiro Comesaña e á súa esposa dona Elena Soñoza Novoa.

PROPOSTA: Tómase razón da documentación presentada.

- Escrito presentado por don Antonio Nieto López (data de presentación 22.01.08, doc 80008795).- Presenta escrito no que se poñe de manifesto que a parcela número 22 descrita como tal no proxecto de compensación do polígono 6 do PEPRI de Bouzas, é da súa propiedade. Aporta copia da escritura de compravenda entre don Saturnino Barros Barros e outros e don Antonio Nieto López e escritura de aceptación de herencia e división horizontal. Ambas escrituras datan de 21.02.96 e son autorizadas perante o Notario don Alejo Calatayud Sempere.

PROPOSTA: Examinada a documentación presentada non se desvirtúa a titularidade descrita no proxecto de compensación co número 22 a favor da Comunidade de Propietarios número 224 da rúa Tomas A. Alonso. Non pode calificarse como controvertida, dado que o abeiro do disposto no apartado 3º do artigo 10 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística, debe constar anotación preventiva da demanda de propiedade.

4.- Título para a presentación no Rexistro da Propiedade.- A certificación de firmeza do acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación é título para a realización das operacións de reorganización da propiedade que sexan necesarias (artigo 6 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo). Por outra parte, consta no expediente a notificación do expediente de todos os propietarios de fincas e titulares de cargas e gravámenes, todo elo o abeiro do disposto no apartado 7.11 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo). Por outra parte, da

inscripción no Rexistro da Propiedade do proxecto de compensación se dará conta á Xerencia municipal de urbanismo, achegando copia da práctica da inscrición de todas as fincas.

5.- Destino do aproveitamento atribuído ó Concello polo exceso do real sobre o susceptible de apropiación.- De acordo co previsto no artigo 129 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, cando os aproveitamentos permitidos polo planeamento nun polígono excedan dos susceptibles de apropiación polo conxunto de propietarios incluídos naquel os excesos corresponderánlle ó Municipio. Predermina que deben destinarse a compensar a propietarios con defecto de aproveitamento real.

6.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación é atribuída á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do polígono 6 do “PEPRI de Bouzas”. Tomar razón da documentación presentada pola Xunta de Compensación. Desestimar a alegación presentada por don Antonio Nieto López (doc 80008795, data de presentación 6.02.08).

SEGUNDO.-Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer potestativamente, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

TERCEIRO.- Dar del alta no inventario de bens do Patrimonio municipal do solo –carácter patrimonial- as parcelas “S-2” polo exceso de aproveitamento real sobre o apropiable e o “S-4C”. Así mesmo con carácter de ben de dominio público uso equipamento a parcela “EQ1” e como de espazo libre de dominio e uso público a parcela “Plaza pública interior”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(500).- ESTATUTOS DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO DE VIGO. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4704/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 31.03.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión , que di o seguinte:

O Plan Parcial do PTL foi aprobado definitivamente en acordo Plenario do 26/03/2001 (expte: 4959/411). Nas datas respectivas de 29.09.2003, 28.06.2004 e 30.01.2006 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente as modificacións puntuais nºs. 1, 2 e 3 do Plan Parcial

O Proxecto de Urbanización correspondente a dito Plan Parcial aprobouse definitivamente por acordo do Consello da Xerencia Municipal mde Urbanismo do 21.06.2001, clarexado por acordo posterior do 30.08.2001 (expte: 428/401)

Con data 16.05.2002 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de reparcelación do PTL (expte: 4292/401)

Na acta de recepción e entrega das obras de urbanización do plan Parcial do PTL suscrita o 26.05.2005 polo Concello de Vigo e o CZFV, preveuse a formalización dun convenio para a conservación desa urbanización mediante unha “ entidade urbanística de conservación ”

A Xunta de Goberno Local de 21.01.08 adoptou o seguinte acordo: “(...) Aprobar inicialmente o Convenio

suscrito con data 11 de maio de 2007 entre o Concello de Vigo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Xunta Xestora da Entidade Urbanística para a Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo cuio texto que figura como ANEXO (...)”.

O 1.08.06 o CZFV presentou escrito noque se solicita o nome do representante do Concello na Xunta Xestora da Entidade Urbanística Colaboradora/conservación. En data 27.09.06 presentan borrador de estatutos para a súa tramitación.

Logo do exame municipal, se presentaron novos estatutos reformados (xunto co resto da documentación) o 21.05.07.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Necesidade de constitución dunha entidade urbanística de conservación e natureza da mesma.- De acordo co previsto no artigo 110.6 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes. Tal previsión xa viña contida no artigo 68 do RD 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. A obriga de conservación ven así mesmo derivada da aplicación do artigo 3.2.5.b in fine da normativa urbanística do vixente plan xeral de ordenación municipal. Actualmente se está a tramitar baixo o expediente número 4748/401 convenio de xestión urbanística para a conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, no que no súa cláusula segunda se amplía o obxecto de conservación con carácter voluntario. Por todo elo, a entidade de conservación ten natureza mixta derivada do cumprimento do disposto no planeamento xeral e as obrigas a asumir tra-la sinatura do convenio urbanístico de xestión.

2.- Obriga dos propietarios de formar parte da entidade de conservación .-Tanto a normativa de aplicación (RD 3288/78, de 25 de agosto -arts. 24-30 e 67-70-), como a propia Xurisprudencia, considera que para a constitución dunha entidade de conservación non é obrigatorio o quorum que se esixe nas xuntas de compensación e a súa constitución é obrigatoria non sendo necesario a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS 26 de outubro de 1998, RJ 1998,7688). Os propietarios non poden sustraerse da participación da entidade de conservación, obriga que ven derivada da aplicación do plan xeral de ordenación municipal vixente no artigo 3.2.5.b da normativa urbanística. Non obstante, a constitución e as obrigas asumidas teñen un compoñente voluntario por parte dos propietarios resultantes da xestión do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo derivadas da subscripción e formalización do convenio urbanístico de xestión a asinar entre o CZFV e o Concello de Vigo (expte. 4748/401).

3.- Procedemento de aprobación dos estatutos da Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.- O procedemento de aprobación dos estatutos da Entidade de conservación ven aludido nos artigos 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural e nos artigos 24 e seguintes do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. Non existe un procedemento específico para a aprobación dos estatutos dunha entidade de conservación cando asume obrigas derivadas da aplicación do disposto no planeamento e da formalización dun convenio. Non obstante, por analogía, podería utilizarse o procedemento remitido ó ar 117 segundo o previsto no punto 7º do artigo 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro. En concreto, se precisa da aprobación inicial, apertura dun trámite de información ó público por un prazo de vinte días a través da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e notificación individualizada ós interesados. Con posterioridade se procederá á aprobación definitiva e o requerimento ós promotores para que formalicen en escritura pública a entidade urbanística colaboradora. Acto seguido procederase á aprobación da constitución da entidade de conservación por parte da Administración urbanística.

4.- Contido do proxecto de estatutos da Entidade de conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.- Os estatutos propostos para rexer o funcionamento da Entidade de conservación axústase ó regulado na Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural e o real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. Non obstante, precísase a rectificación do artigo 16 no sentido de excluír do deber de conservación en calquier suposto á parcela número 16 dado que carece de aproveitamento lucrativo. Unicamente contribuiría á conservación naquel caso que se acordara a desafectación ó servizo público coa conseguinte atribución de aproveitamento.

5.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación do presente asunto corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, fórmulase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- Aprobar inicialmente os estatutos da Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.
- Proceder á apertura dun trámite de información pública por un prazo de vinte días, con publicación de anuncio no BOP de Pontevedra e notificación individualizada ós propietarios e demais interesados que consten no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(501).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN Ó ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PERI IV-09 BAIXADA A SAN ROQUE. EXPTE. 4665/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 26.03.08, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión e polo director dos Servizos técnicos da XMU, que di o seguinte:

Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entreoutros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.

A Xunta de goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requirir aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adhieran á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollo por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do Proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...)".

Según consta no expediente que se está a tramitar o proxecto de compensación (extpte 4692/401) o mencionado documento foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 16.07.07.

O 1.03.03 a Xunta de Compensación presentou documento técnico do proxecto de urbanización do PERI IV-09 "Baixada a San Roque". Da tramitación do expediente se deu conta ós diferentes departamentos municipais e ás empresas "Gas Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A." e "Unión Fenosa, S.A.".

Consta no expediente informe do servizo de electromecánicos de 18.04.06 con respecto á contenerización soterrada, alumado público e a rede de gas. Así mesmo, se achega ó expediente informe favorable do departamento de montes, parques e xardíns.

No expediente consta informe do enxeñeiro técnico de obras públicas de 21.02.07.

Á vista dos informes incorporados, a Xunta de goberno local de 5.03.07 adoptou o seguinte acordo: “(...) 1.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización do <PERI IV 09 Baixada a San Roque>, elaborado polo arquitecto don José María Catalán Pérez de Lis, visado polo COAG o 24.02.06 e 31.07.06. 2.- De acordo co previsto no punto 4º do artigo 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro e o artigo 4º do D. 2107/68, de 16 de agosto, abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén as entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións. Por outra parte, dese cumprimento o punto do presente informe (...)”.

No acordo da Xunta de goberno local de data 17.09.07 deuse aprobación ó proxecto de urbanización co seguinte contido: “(...) Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do “PERI IV 09 Baixada a San Roque”, elaborado polo arquitecto don José María Catalán Pérez de Lis con data de visado polo COAG de 24.02.06 e 31.07.06 (...)”.

Unha vez notificado, se presenta o seguinte recurso de reposición: Don Alfonso Pérez Rodríguez (doc 70120251, data de presentación 27.10.07).

Consta informe da Xunta de compensación ás alegacións presentadas.

Por outra parte, consta no expediente informe ó recurso de reposición presentado elaborado polo enxeñeiro técnico de obras públicas de data 4.12.07 que serve de fundamento á resolución do recurso de reposición.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Admisibilidade do recurso de reposición interposto por don Adolfo Pérez Rodríguez (doc 70120251, data de presentación 29.10.07).- De acordo co establecido no artigo 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, o recurso de reposición é interposto en tempo e forma. Xa que logo, é admisible.

2.-Análise individualizada da cada unha das cuestións aludidas no recurso de reposición.- A seguir dáse contestación individualizada a cada unha das cuestións tratadas no recurso de reposición:

* Sobre a rasante da prolongación da rúa Papuxa respecto das vivendas que se manteñen e descritas como “C1”.- Ao respecto, o enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento e xestión, informou o 4.12.07 o seguinte: “(...) Non existe incompatibilidade das rasantes do proxecto coas rúas existentes nin coas edificacións do sólido C1. O feito de que existan tramos de beirarrúa da rúa papuxa con anchos de 1,5 m fora do ámbito non é un condicionante para non facer dentro do mesmo beirarrúas mais anchas, como dicta o Real Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, de obrigado cumprimento en proxectos de urbanización(pax. 4 da memoria do proxecto). Respecto a descripción que fai das rasantes non se corresponde coa do proxecto senon da do terreo existente, porque a definición altimétrica das rúas no proxecto fai referencia os eixos dos viais, que en esa zona distan da fachada do sólido 15 m. É evidente que o alegante non entendeu o proxecto que salva eses desniveis a base de terraplenar e facer un muro no límite do ámbito(muro 3) (...)”.

* En cuanto a rasante do vial A respecto das vivendas do sólido “C1”.- O aludido informe do técnico da oficina de planeamento e xestión, informou o seguinte: “(...)Tampouco existe incompatibilidade coas rasantes da rúa A coas vivendas do sólido C1, vendose claramente no plano que na vivenda número 29 o desnível é de 32 cm a 8 m do límite da parcela. Tamén é curioso que o alegante dí que a cota das vivendas é a 80,15, pero en realidade a cota das vivendas e ascendente (como a rúa) ata a 81,30, a cota 82,35 da rúa alcánzase unha vez rebasadas as edificacións e lonxe delas (...)”.

* Con respecto a diversas puntualizacións realizadas sobre as modificacións contidas dende o documento aprobado inicialmente, se informou o seguinte: “(...)

1. *Canalización dos regatos: A canalización do regato existente está contemplado no proxecto e está incorporada a de de pluviais e Respecto das acometidas do alcantarillado non figura expresamente porque non teñen porque facelo; se é unha edificación nova ou non a tivese non a fai o urbanizador senón Aqualia, se existira reporíase dende o punto de saída na fachada e incorporaríase o rexistro mais próximo da nova rede de fecais, o feito de que non figuren no plano é porque non existe información da súa ubicación e terá que localizarse na obra mediante calicatas.*
2. *Sumidoiros de augas pluviais: O número e ubicación dos sumidoiros pódese ver no plano U14 “instalación de saneamiento red de pluviales y fecales”.*
3. *Posibles muros de contención non contemplados, un polo oeste e outro polo leste para protexer de humidades e “suxeitar” as vivendas. Non se van a facer muros para amparar augas posto que a pendente transversal das beirarrúas sempre fai que a auga de choiva corra dende as fachadas ata os beiriles. Non se contemplan no proxecto muros de contención para suxeitar as edificacións existentes posto que a vista do exposto anteriormente non se vai a descalzar nin descubrir as cimentacións das vivendas.*
4. *Medidas para evitar fendas e fisuras nas vivendas do sólido C1. Tal y como recolle a Ley 31/1995 de prevención de riesgos laborales o contratista adxudicatario das obras antes do comenzo das mesmas elaborará un plan de seguridade e saúde no que se contemplarán tanto este tipo de riscos como as medidas adoptadas para eliminalos, este plan deberá ser aprobado polo coordinador de seguridade e saúde, Técnico nomeado pola propiedade.*
5. *Rampas de acceso a minusválidos. Non están previstas rampas de acceso a minusválidos no sólido C1 pois cumprindo co Real Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e o RD 556/1989 medidas de accesibilidad en los edificios, as beirarrúas conectarán coas entradas das vivendas cun desnível sempre menor ou igual de 12 cm. Na actualidade hai entradas con hasta tres peldaños e no nº 29 donde si hay unha rampa, poderíase manter posto que a entrada non esáa na prolongación de Papuxa senon lateralmente polo que pódese adaptar o pavimento.*
6. *Conexions dos alcantarillados existentes. Como mencionei no punto 3.1 débense repor as acometidas de fecais das vivendas existentes hasta o límite do terreo público como norma xeral, aínda que o mais operativo sería levalo hasta a fachada das vivendas. No caso de que edificasen no futuro deberán solicitar a Aqualia unha nova acometida domiciliaria e unha vez aboada será a concesionaria quen a faga. As acometidas domiciliares non se poden considerar gastos de urbanización posto que debe solicitala cada promotor e aboala a empresa concesionaria, quen será a que a execute.*
7. *Situación dos rexistros de abastecemento, enerxía eléctrica e outros. A situación dos rexistros dos distintos servicios xerais podese comprobar nos planos U5, U6, U7, U8, U10, U14, U17, U18 e U20.*
8. *Situación e trazado da rede de sumidoiros. A rede de sumidoiros, de augas pluviais e de augas fecais está perfectamente definida nos planos U14, U15 e U16 (...).*

* En relación coas entradas de vehículos no sólido C1: Achégase parte do informe elaborado polo enxeñeiro técnico de obras públicas: “(...) A entrada de carruaxes para o sólido C1 esta contemplada como unha rampla na zona de cesión en superficie suficiente para conectar cos sótamos das edificacións futuras, como tamen reflexan os anteriores documentos de planeamento xa aprobados. Polo que respeita as existentes, estas non dispoñen de garaxe ou entrada de vehiculos, polo que non procede dotalas de acceso rodado. De todas maneiras contémpanse na ordenación 23 prazas de aparcamento en superficie no cuarteirón do sólido C1. O alegante fala da cota da zona verde que circunda ao sólido C1 pero non existe tal (...)”.

* Sobre os estudos de seccións transversais das beirarrúas e definición de pavimentos: Respóstate neste punto

no informe do seguinte xeito: “(...)As seccións das beirarrúas do distintos viaise a súa definición podese consultar nos planos U4 (“cotas y replanteo”), U24 (“sección tipo calzada y acera, vados peatonales, detalle escaleras”), U28 (“entrada de carruajes”) e U29 (“tipos de pavimentos”). Sobre estes aspectos solicitáronse cambios no proxecto pero antes da aprobación inicial (...)”.

* Con respecto ós informes municipais sobre contención soterrada, gas e alumado, se informa que existen no expediente os informes preceptivos previos á aprobación inicial.

* Por último, se mostra a disconformidade coa rampla de acceso ao sólido “C1”: O enxeñeiro técnico de obras públicas informou o seguinte: “(...)O proxecto de urbanización contempla un acceso común para todas as parcelas resultantes do sólido C1 tal e como se fai constar no PERI e no proxecto de Compensación, así como a servidumbre de paso das parcelas C2, C3 e C4. Non considero polo tanto que sea isto un problema do proxecto de urbanización. Por outro lado aínda que se podera plantexar outro tipo de acceso, as rampas terían que ter, para poder alcanzar a cota dos sótanos, un desenvolvemento de aproximadamente 15 m, a continuación tería que estar a propia praza, polo que de xeito individual non sería posible dado o escaso fondo das parcelas. Si é certo que no proxecto de urbanización parece que se ha desplazado a posición da rampla de acceso a garaxes para situar 3 prazas de aparcamento, o cal fai moi complicado o acceso ó soto da parcela C4, isto se terá en conta a hora de situar estas tres prazas situandoas en liña na zona de cesión en superficie (sobre a zona de servidumbre) en fronte das parcelas C1, C2 e C3 (...)”.

* Con respecto ó punto do recurso de reposición polo que se reincide á suposta vulneración do principio de xerarquía normativa, tense que remitir á contestación realizada e contida no acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización.

* Sobre a limitación do aproveitamento urbanístico derivado das determinacións do proxecto de urbanización: Tense que informar de que é obxecto do proxecto de urbanización a determinación das obras que teñan por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento (artigo 110.1 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanístico e protección do medio rural de Galicia). Non se aprecia ningunha determinación do proxecto de urbanización que implique unha restricción ó aproveitamento urbanístico atribuído a cada un dos propietarios da parcela “C1”. O mesmo unicamente describe as obras necesarias para a execución das determinacións de planeamento. Mesmo se inclúe a construción dunha rampla que deberá ser custeada pola Xunta de compensación e non unicamente polos propietarios da parcela “C1”. En ningún caso se pode apreciar lesión susceptible de ser indemnizada ós propietarios da parcela “C1” derivada da execución das determinacións do proxecto de urbanización. De todos os xeitos, todas estas cuestións foron obxecto de análise na tramitación do proxecto de compensación do polígono.

* Con respecto á non valoración dos servizos existentes da parcela “C1”, tense que remitirse á contestación realizada ó recurso de reposición presentado por don Adolfo Pérez Vila – acordo da XGL de data 19.11.07- (doc 70101269, data de presentación 13.09.07): “(...)Sobre a compatibilidade das edificacións sitas nas parcelas 26, 27, 28 e 29 e a carga de urbanización. Con respecto á carga de urbanización, efectivamente dase unha situación individualizada que precisa dun tratamento autónomo. O mantemento da edificación, non implica unha exención da asunción dos gastos de urbanización derivadas da execución do polígono. A parcela onde se ubican as edificacións que se declararon conformes con planeamento e, polo tanto, permítese o seu mantemento, participan no reparto de beneficios e cargas en iguais condicións que o resto dos propietarios. A súa condición de solo urbano non consolidado non se poñe en entredito no presente expediente dado que se trata dunha determinación de planeamento. O feito de que teña tal calificación urbanística, deriva da apreciación de que no solo en cuestión concorre algunha das causas previstas no artigo 12.b da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. O redactarse o proxecto de urbanización, se tiveron en conta os servizos existentes e se concluiu que era necesaria unha total transformación da mesma e consecuentemente a substitución da existente. Se nun determinado ámbito de actuación existe unha parcela que conte con determinados servizos de urbanización, aínda que sexan precarios ou obsoletos, deberán valorarse de acordo cos criterios da lexislación de expropiación forzosa e o seu importe deberá ser satisfeito ó seu titular. Así o establecía o artigo 31 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións (de aplicación, en virtude da disposición transitoria terceira da Lei 8/07, de 28 de maio), no sentido de que as obras e instalacións que existan (...) se valorarán con independencia do valor do solo e con arreglo ós criterios da Lei de expropiación forzosa. En definitiva, aquel propietario de solo urbano que non conte con

servizos de urbanización deberá sufragar proporcionalmente os servizos de urbanización do ámbito correspondente, sen prexuízo de que se lle indemnice polos servizos de que dispoñe polo valor de reposición, correxido polo estado de antigüidade e de conservación ó abeiro do criterio estimativo previsto no artigo 43 da Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954. Consecuentemente procede a apertura dun trámite ou peza separada de determinación da indemnización pola non mantemento das instalación ou subministración de servizos das parcelas 26, 27, 28 e 29, onde se ubican as edificacións que se manteñen e se declaran compatibles co planeamento (...)

* Non se aprecian motivos de impugnación de índole xurídica ou técnica ó proxecto de urbanización no recordatorio á Administración municipal do deber de vixianza da boa execución das obras de urbanización e a apreciación de que o resultado final da execución do polígono vai ser “nefasto”.

3.- Órgano competente para a adopción do acordo de resolución do recurso de reposición.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, propóñese a adopción do seguinte acordo:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto por don Adolfo Pérez Rodríguez (doc 7012051, data de presentación 27.10.07).
2. Notifíquese o contido íntegro á Xunta de compensación e o propio recurrinte, informando que contra o mesmo unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(502).- SUBSCRICIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL PARA ALOXAMENTO TEMPORAL DUNHA VIVENDA DE PROPIEDADE DO CONCELLO DE VIGO NA RÚA ANDURIÑA. EXPTE. 4760/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 17.03.08, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión e pola delegada da Área de Vivenda e Urbanismo, que di o seguinte:

O 28.02.06 o Vicepresidente da XMU resolveu o seguinte: “(...) Segundo.-Dispoñe-lo cumprimento nos seus propios termos da sentenza nº 305/05 da Sala do Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Vigo de data 28/9/2005, recaída no procedemento abreviado nº 29/05, interposto por D. José Prado Fernández contra a inactividade do Concello de Vigo pola inexecución do acordo firme da Comisión de Goberno de 08/11/1996 no que se acordaba a derruba das obras realizadas por D. Ricardo Prado Costas e Benilde Costas López, consistentes na adición dunha planta, dunha superficie aproximada de 50 m2 e ampliación de planta baixa, nuns 25m2 aproximadamente, condenando á Administración demandada a executar esta resolución, no prazo máximo de seis meses (...)”.

Consta informe do departamento de benestar social no que se constata o seguinte: “(...) A unidade de convivencia, ten Historia social aberta no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Vigo dende o ano 1996. Que a información que obra na mesma, reflexa o núcleo familiar carece de recursos económicos suficientes de subsistencia <menores de 400 €/mes>, habendo tres menores de corta idade en el domicilio (...)”.

Según información recabada polo departamento de planeamento e xestión da XMU, consta que o Concello de Vigo é propietario dunha vivenda desocupada na Rúa Anduriña. A mesma de acordo co previsto no artigo 26 do Decreto 257/2004, de 29 de outubro, sobre o réxime xurídico das vivendas de protección pública, locais de negocio e solo de promoción pública, as vivendas cedidas o Concello por parte do IGVS, deberán

necesariamente ir destinadas a atender casos de especial necesidade e preferentemente a familias con ingresos ponderados anuais totais inferiores a 1,5 veces do índice de precios de efectos múltiples (IPRM).

En data 16.07.07 a Concelleira delegada da área de urbanismo e vivenda asinou a seguinte proposta: “(...) Á vista do informe do departamento de benestar social e tendo en conta que o Concello é propietaria dunha vivenda na rúa Anduriña e a mesma se encontra baleira, incoese expediente polo cal se formalice contrato de arrendamento da mesma con don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas. Constarán como causas de resolución as previstas polo departamento de benestar social (...)”.

O 26.09.07 o departamento de planeamento e xestión asinou proposta de aprobación de pregos polos que se van regular o contrato administrativo especial para o aloxamento temporal dunha vivenda propiedade do Concello de Vigo na rúa Anduriña. A mesma foi conformada pola Delegada da área de urbanismo e vivenda e visada de conformidade por parte da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Logo da comunicación por parte da oficina de benestar social da exclusión da familia en cuestión no dispositivo municipal de inserción do II Plan Galego de Inclusión Social, dictouse providencia de arquivo do expediente.

O 25.02.08 remitiuse a esta Xerencia municipal de urbanismo, “folla de compromisos adquiridos” asinados por don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas.

Tra-la reanudación do procedemento, emitiuse informe de fiscalización do expediente o 13.03.08. Realizadas certas puntualizacións por parte do Interventor da XMU, precisa a rectificación do prego nalgúns aspectos sen que supoña unha alteración subsantancial do mesmo que implique un novo informe da Asesoría Xurídica do Concello.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Natureza do contrato a subscribir con don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas.- A disposición adicional primeira da Lei 29/94, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, establece unha remisión as normas particulares que regulan os arrendamentos de vivendas de promoción pública. O artigo 50 do real decreto-ley 3148/78, de 10 de novembro, establece que o réxime de uso e acceso das vivendas de promoción pública poderá ser en réxime de ocupación temporal, cedidas exclusivamente en precario, sendo por conta do precarista os gastos derivados do consumo e uso dos servizos de que se disfrute. Por outra parte, o apartado 2.b do artigo 26 do Decreto 257/2004, de 29 de outubro, sobre réxime xurídico das vivendas de promoción pública, esixe que as vivendas cedidas ós Concellos deban ser destinadas a atender os casos de especial necesidade e preferentemente a familias con ingresos ponderados anuais totais inferiores a 1,5 veces o IPREM. A natureza do contrato a subscribir parece estar excluído da regulación prevista na Lei 29/94, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos dada a especificidade da normativa reguladora do uso das vivendas de promoción pública. Así mesmo, tense que ter en conta que o Concello pretende o logro de certas finalidades de índole social previstas na proposta de benestar social e que concluirán coa participación dos futuros ocupantes da vivenda en actividades orientadas á inserción social-laboral e a inclusión no programa de Bolsa de Aluguer da Consellería de Vivenda. Por todo elo, ó abeiro do disposto no artigo 5.2.b do real decreto-lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, podería entenderse que se trata dun contrato administrativo especial por satisfacer unha finalidade pública. O presente contrato se regulará polas disposicións legais e regulamentarias específicas sobre o réxime de uso das vivendas de promoción pública aludidas con anterioridade, polo previsto na lexislación de contratos das administracións públicas e subsidiariamente polas normas civís que sexan de aplicación.

2.- Procedemento e forma de adxudicación do contrato.- A proposta da Concelleira delegada de urbanismo e vivenda implica o ofrecemento da subscripción do contrato administrativo especial a don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas o que se deduce a utilización do procedemento negociado dada as especiais circunstancias familiares das persoas aludidas. Polo tanto enténdese xustificado a utilización do procedemento ó abeiro do previsto no artigo 75 e 92 do real decreto lexislativo 2/2000.

3.- Condicións a incluír no prego de cláusulas administrativas.- No prego de cláusulas administrativas constan todas as condicións previstas no apartado segundo, do artigo 8º e 92 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16

de xuño, polo que se aproba a Lei de contratos das Administracións Públicas e concordantes do real decreto 1098/2001, de 12 de outubro. Entre elas, dada a natureza do contrato, consta a duración do contrato (con carácter improrrogable), garantías, prerrogativas da Administración etc...Dada a proposta de benestar social, deberán figurar como condicións resolutorias as previstas na mesma.

4.- Competencia do Concello para a adopción do presente acordo.- O Concello ten competencia para a articulación de políticas e actuacións tendentes á prestación de servizos sociais, de promoción e reinserción social (letra k, do apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril). Así mesmo, poderán realizar actividades complementarias das propias doutras Administracións en materia de vivenda (artigo 28 da Lei 7/85, de 2 de abril).

Segundo o previsto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e a proposta da Concelleira delgada de urbanismo e vivenda, SE PROPOÑE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

1.- Tendo en conta o previsto no artigo 69 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, aprobar o prego de cláusulas administrativas polo que vai rexer o procedemento negociado de contratación de referencia e que se reproduce como anexo I do presente informe-proposta.

2.-Ofrecer a subscripción do contrato administrativo especial a don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas. No prazo de 3 días dende a recepción da notificación, deberá manifestar por escrito a súa conformidade coa proposta do Concello. A hipotética aceptación deberá ser realizada segundo o Anexo II.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS POLAS QUE VAI REXER O PROCEDEMENTO NEGOCIADO DE CONTRATACIÓN DUN ALOXAMENTO TEMPORAL DUNHA VIVENDA PROPIEDAD DO CONCELLO SITA NA RÚA ANDURIÑA NÚMERO 21 (BLOQUE II-3ªA).
--

1º OBXECTO DO CONTRATO.-

É obxecto do presente prego a regulación dun prego de cláusulas administrativas polas que vai rexer o procedemento negociado de contratación dun aloxamento temporal dunha vivenda de titularidade municipal sita na rúa Anduriña, número 21, bloque II-3ªA.

O arrendador entrega a vivenda obxecto deste contrato á persoa adxudicataria identificada no apartado B), con tódolos elementos, servizos e instalacións do inmovible, libre de mobiliario e enxoval doméstico, asumindo o arrendatario as obrigas dimanantes do presente contrato, da Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia ou, no seu caso, da normativa de vivendas de protección oficial de promoción pública que sexa de aplicación e a lexislación vixente en materia de arrendamentos urbanos (Lei 29/1994, do 24 de novembro).

2º NATUREZA DO CONTRATO.-

Tendo en conta o previsto no artigo 5.2.b do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba a Lei de contratos das Administracións Públicas ten a natureza de especial ó abeiro do disposto no Decreto 257/2004, de 29 de outubro, sobre réxime xurídico das vivendas de promoción pública o real decreto 3148/1978, de 10 de novembro que desenvolve o real decreto lei 31/78, de 31 de outubro, sobre construción, financiación, uso, conservación e aproveitamento.

3º PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.-

Tendo en conta o informe do departamento de benestar social, a proposta da Concellería delegada de urbanismo e vivenda e o artigo 92 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, o procedemento a utilizar no presente expediente é o negociado sen publicidade.

4º DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato ten unha duración máxima dun ano. En ningún caso se admitirán prórrogas. Con anterioridade ó inicio da ocupación do inmovible se levantará un acta asinada por ambas partes sobre o estado actual do piso e das súas instalacións. Así mesmo, con anterioridade á finalización da ocupación temporal, se levantará nova acta co gallo de comprobar se existiron danos susceptibles de ser reclamados ós asinantes do contrato.

5º DEREITOS E OBRIGAS DOS ADXUDICATARIOS.-

O contrato terá o seguinte contido:

- *Dereito do adxudicatario.- O adxudicatario ten dereito o uso do inmovible obxecto deste contrato á persoa adxudicataria identificada no punto 1º, con tódolos elementos, servizos e instalacións do inmovible, libre de mobiliario e enxoval doméstico, asumindo o adxudicatario as obrigas dimanantes do presente contrato, da Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia ou, no seu caso, da normativa de vivendas de protección oficial de promoción pública e demais normativa sectorial que sexa de aplicación.*
- *Obrigas do adxudicatario.-*
 - a) *O adxudicatario recibirá a vivenda en perfectas condicións de habitabilidade, non sendo necesaria ningunha obra de reparación. En consecuencia, está obrigado a mante-la vivenda en perfecto estado de conservación e a reparar pola súa conta tódalas roturas, desperfectos e deméritos que se produzan nela, derivados do desgaste dimanante do seu uso normal. Non poderá realizar sen consentimento do arrendador, expresado por escrito, obras que modifiquen a configuración da vivenda ou que provoquen unha diminución na estabilidade ou seguridade desta.*
 - b) *A pagar o prezo do contrato durante os primeiros dez días de cada mes.*
 - c) *A vivenda obxecto do presente contrato deberá dedicarse a domicilio habitual e permanente dos adxudicatarios e demais persoas que formen parte da unidade familiar. O adxudicatario non utilizará simultaneamente, por calquera título, ningunha outra vivenda. Sen prexuízo do estipulado, o contrato de referencia estará suxeito a tódalas prohibicións e limitacións derivadas do réxime de promoción pública.*
 - d) *O adxudicatario satisfará unha renda mensual de 50 €.*
 - e) *O adxudicatario asume expresamente o pagamento dos gastos xerais para o adecuado sostemento do bloque, ou no seu caso, do grupo no que está a vivenda, os seus servizos comúns, tributos, cargas e demais responsabilidades que non sexan susceptibles de individualización, e que o propietario satisfaga para a prestación dos servizos que o arrendatario disfrute por tal concepto. A contía anual de tales gastos xerais fíxase en atención á cota de participación que a vivenda arrendada ten asignada segundo a declaración de obra nova e división horizontal, que resulta a do edificio. Igualmente, serán de conta exclusiva do arrendatario a contratación e pagamento dos gastos por consumo de servizos individuais, tales como teléfono, auga, gas, electricidade ou calquera outro similar con que conte a finca ou contrate directamente o arrendatario, sendo tamén da súa exclusiva conta a adquisición, conservación, reparación ou substitución dos contadores de tales subministros.*
 - f) *Compromiso de colaboración activamente nas accións que determinen dende os Servizos Sociais de Atención Primaria e dende o Dispositivo Municipal de Inserción.*
 - g) *Asistencia ás citas que se estabrezcan na letra anterior.*

- h) *Participación e asistencia activa en actividades orientadas á inserción laboral, salvo que documentalmente se xustifique a súa incapacidade para realizar actividades laborais.*
- i) *Realizar as accións e trámites necesarios para obter unha vivenda que se axuste as características socio-familiares e económicas do núcleo de convivencia. Entroutras xestionar a solicitude de inclusión no Programa de Aluquer da Xunta de Galicia.*

As condicións previstas nas letras f, g, h e i serán verificadas trimestralmente polos Servicios Sociais de Atención Primaria e o Dispositivo municipal de inserción.

6º PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

En atención o previsto no punto primeiro do artigo 81 do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, de contratos das Administracións Públicas, non se prevé a constitución da Mesa de Contratación. Unha vez aprobado o expediente, se remitirá escrito ou carta de invitación á unidade familiar constituída por don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas para que mostren a súa conformidade ou disconformidade coa proposta de subscripción de contrato no prazo máximo de tres días dende a recepción da comunicación. Naquel caso que as anteditas persoas mostren a súa conformidade, elevarase proposta de adxudicación á Xunta de Goberno Local. Tra-la notificación do acordo, se formalizará o mesmo no prazo máximo dun mes. A aceptación da proposta deberá ser presentada no modelo que se achega ó presente prego e deberá presentarse en sobre pechado no prazo indicado no Rexistro da Xerencia municipal de urbanismo. Cando a proposta de aceptación se envíe por correo, o licitador debe xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta. Sen a concurrencia de ambosdous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, dez días naturais seguintes á indicada data sen recibir a aceptación da proposta, ésta non será admitida en ningún caso.

7º FORMA DE PAGAMENTO.-

A Xerencia municipal de urbanismo emitirá e presentará, por si ou por medio das súas entidades colaboradoras, os recibos da renda por periodicidade mensual, para ser aboados mediante ingreso directo na entidade colaboradora ou, alternativamente, se así o solicita o arrendatario, mediante domiciliación bancaria na entidade financeira que este designe, aportando para tales efectos o correspondente certificado de ter unha conta aberta na entidade financeira elixida para o pagamento.

Non obstante, a Xerencia municipal de urbanismo resérvase a facultade de modificar a forma de pagamento establecendo a que corresponda en cada momento previas ás oportunas comunicacións.

8º RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 111 e 192 do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba a Lei de contratos das Administracións Públicas e concordantes do real decreto 1098/2001.

Establécense expresamente como causas resolutorias deste contrato, a instancia do arrendador, as seguintes:

- a) *A falta de pagamento da renda ou, no seu caso, de calquera das cantidades que o arrendatario asumise ou lle corresponda aboar.*
- b) *A non ocupación habitual e permanente do inmovible por parte da totalidade da unidade familiar.*
- c) *Subarrendo oculto ou manifesto da totalidade ou parte da vivenda adxudicada, así como a súa cesión por parte dos adxudicatarios.*
- d) *A realización polo adxudicatario ou polas persoas que convivan con el, de danos causados dolosamente na propiedade ou de obras non autorizadas polo IGVS.*
- e) *Cando na vivenda teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.*
- f) *Resto das obrigas previstas para os adxudicatarios e descritas no punto 5º do presente prego de*

cláusulas administrativas.

En calquera caso, a resolución do contrato leva aparelada para o arrendatario a obriga de devolve-la vivenda en perfectas condicións de uso, quedando as instalacións fixas e permanentes incorporadas naquela. As obras autorizadas polo Concello que supoñan unha mellora, quedarán en beneficio da finca obxecto do presente prego, sen que o adxudicatario teña por tal concepto dereito a algunha indemnización.

9º XURISDICCIÓN COMPETENTE E PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.-

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razóns de interese público, os contratos e acordar a resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxección os requisitos e efectos sinalados no real decreto lexislativo 2/2000 e a súa normativa de desenvolvemento. Os acordos que dicte o órgano de contratación, no exercizo das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivas.

As cuestións litixiosas surxidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos administrativos especiais serán resoltas polo órgano de contratación competente, cuxos acordos poñen fin á vía administrativa e contra os mesmos habrá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme o disposto pola Lei 29/98 reguladora de dita xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados puideran interpoñer recurso potestativo de reposición, previsto nos arts 116 e 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

ANEXO II- MODELO DE ACEPTACIÓN DA PROPOSTA

Don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas, con enderezo en e DNI números e, respectivamente, en plena posesión da súa capacidade xurídica de obrar e no seu nome propio, aceptamos a proposta recibida dende a Xerencia municipal de urbanismo para ser adxudicatario do contrato administrativo especial para a utilización temporal dunha vivenda propiedade do Concello de Vigo sita na rúa Anduriña 21, Bloque II-3º. Así mesmo, asumimos como compromisos todos os previstos no prego de cláusulas administrativas, entre os que están os seguintes:

- * Compromiso de colaboración activamente nas accións que determinen dende os Servizos Sociais de Atención Primaria e dende o Dispositivo Municipal de Inserción.*
- * Asistencia ás citas que se establezcan dende os Servizos sociais de atención primaria e dendo o Dispositivo municipal de inserción.*
- * Participación e asistencia activa en actividades orientadas á inserción laboral.*
- * Realizar as accións e trámites necesarios para obter unha vivenda que se axuste as características socio-familiares e económicas do núcleo de convivencia. Entroutras xestionar a solicitude de inclusión no Programa de Aluguer da Xunta de Galicia.*

En Vigo, a de de 2008.

(Sinatura dos proponentes)

33(503).- PROXECTO EXPROPIATORIO POR TAXACIÓN CONXUNTA DE TERREOS NO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL BARUXÁNS. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 208/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico da Admón. Xeral, do 27.03.08, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento, que di o seguinte:

En data 02/09/2002 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial "03.23.Baruxáns-B" (Bembrive) -Expte. 5823/411-. As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP núm. 206, do 25/10/2002.

No 18/06/2004 D. Enrique Bastos Rodríguez presentou un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo comunicando a adhesión dos propietarios titulares dun 97,96% da superficie do polígono "1" dese Plan Parcial ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 e publicados no BOP do 02/01/2004. Achegou a tal efecto copia auténtica da correspondente "Acta de Adhesión" protocolizada no 15/06/2004 perante o notario de Vigo D. Jose Antonio Rodríguez González co núm. 1422 do seu protocolo.

No 21/09/2004, D. Enrique Bastos Rodríguez interpuxo un escrito nesta Administración municipal comunicando a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono e solicitando a súa aprobación e inscrición no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras. Achegou ó efecto Escritura Pública de constitución, outorgada no 09/09/2004 perante o notario de Vigo D. Luis Rajoy Brey co núm. 1.198 do seu protocolo, así como copia dos respectivos títulos de propiedade e escritura de ratificación da constitutiva, outorgada no 10/09/2004 perante o notario D. José Antonio Somoza Sánchez co núm. 2.173 do seu protocolo.

En data 2.08.07 don Enrique Bastos Rodríguez presenta escrito no que se solicita o seguinte: "(...) se acuerde realizar las actuaciones oportunas a los efectos de iniciar los trámites del expediente expropiatorio, por el sistema de tasación conjunta, de los bienes y derechos de los propietarios que no se han incorporado a la Junta de Compensación del polígono 1 del Plan Parcial 03 23 Baruxáns B (...)".

O Director adxunto da oficina de planeamento e xestión e o técnico de administración xeral, asinan o 29.02.08 o seguinte informe: "(...) Á vista do contido do proxecto de expropiación por taxación conxunta presentado por D. Enrique Bastos Rodríguez en representación da Xunta de Compensación do Polígono nº 1 do plan parcial 03.23 Baruxáns B da parroquia de Bembrive, con DOC nº 7008854, esta oficina técnica informa que o expediente a tramitar contempla a valoración por expropiación dos terreos non incorporados á Xunta de Compensación, de acordo ós artigos 156.1 e 143 e seguintes da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e dos artigos 168.2 e 199 e seguintes do Real Decreto 3288/1978 de 25 de agosto de Xestión Urbanística. O plan parcial dispón de aprobación definitiva de data 2 de setembro de 2002, dispoñendo de Bases e Estatutos aprobados polo Consello da Xerencia de Urbanismo de data 11 de decembro de 2003, estando constituída a Xunta de Compensación. A superficie obxecto de expropiación supón a cifra de 7.764,00 m², correspondente a unha propiedade do Ministerio de Fomento, propiedade non adherida á Xunta de Compensación. A expropiación instase tra-lo requirimento realizado á propiedade e o transcurso dos prazos previstos na normativa para a adhesión á Xunta de Compensación.

1.0. SITUACIÓN E DESCRICIÓN DA PARCELA A VALORAR.-

A propiedade que se valora comprende os ribazos situados na cara norte do vial variante de Baruxáns, e a franxa de terreo paralela á A-52 segundo planos adxuntos.(en cor amarelo).

1.1.- INFORMACIÓN REXISTRAL.-

Non consta.

1.2. TITULARIDADE DO TERREO.-

Ministerio de Fomento.

*Demarcación de Estradas do Estado en Galicia
C/ Concepción Arenal, nº 1 - A Coruña*

1.3. INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

De acordo co especificado no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, con aprobación definitiva do 29-4-93 (D.O.G.10-5-93), a propiedade obxecto de valoración, atópase en solo clasificado como urbanizable pertencente ó plan parcial Baruxáns aprobado definitivamente con data 2 de setembro de 2002. De acordo ó plan parcial aprobado o aproveitamento tipo é de 0,9866 m²/m², polo que o aproveitamento apropiable segundo determina o artigo 23 da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o 90% de 0,9866 = 0,88794 m²/m².

1.4. INFORMACIÓN CATASTRAL.-

A parcela carece de referencia catastral ó figurar como viario público.

VALORACIÓN

2.0. FINALIDADE DA VALORACIÓN.-

A valoración presentada é ós efectos de expropiación da propiedade non incorporada á Xunta de Compensación e co fin de obter os terreos necesarios para a urbanización. A valoración dos bens e dereitos afectados pola expropiación efectúase de acordo os criterios establecidos na lei de expropiación forzosa ou LEF (16/12/54) e o seu regulamento que a desenvolve por decreto de 26/04/57, séndolle de aplicación a lei 8/2007 de 28 de maio de solo estatal.

2.1.-VALORACIÓN DO SOLO.-

A Disposición Transitoria terceira da Lei 8/2007 de 28 de maio establece:

<1. Las reglas de valoración contenidas en esta Ley serán aplicables en todos los expedientes incluidos en su ámbito material de aplicación que se inicien a partir de su entrada en vigor.

2. Los terrenos que, a la entrada en vigor de esta Ley, formen parte del suelo urbanizable incluido en ámbitos delimitados para los que el planeamiento haya establecido las condiciones para su desarrollo, se valorarán conforme a las reglas establecidas en la Ley 6/1998, de 13 de abril, sobre Régimen de Suelo y Valoraciones, tal y como quedaron redactadas por la Ley 10/2003, de 20 de mayo, siempre y cuando en el momento a que deba entenderse referida la valoración no hayan vencido los plazos para la ejecución del planeamiento o, si han vencido, sea por causa imputable a la Administración o a terceros. De no existir previsión expresa sobre plazos de ejecución en el planeamiento ni en la legislación de ordenación territorial y urbanística, se aplicará el de tres años contados desde la entrada en vigor de esta Ley.

3. Mientras no se desarrolle reglamentariamente lo dispuesto en esta Ley sobre criterios y método de cálculo de la valoración y en lo que sea compatible con ella, se estará a lo dispuesto en el apartado 3 del artículo 137 del Reglamento de Gestión Urbanística aprobado por Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, y a las normas de valoración de bienes inmuebles y de determinados derechos contenidas en la Orden ECO/805/2003, de 27 de marzo, o disposición que la sustituya”>.

O método de valoración establecido pola lei 8/2007 para este tipo de solo, segundo o citado é o residual dinámico e ven regulado polos artigos 35º a 39º da orden ECO. Por outra banda a disposición transitoria terceira da lei sinala que en tanto non se desenvolva reglamentariamente a lei, as normas de valoración de bens e de determinados dereitos serán as contidas na orden ECO/805/2003 de 27 de marzo. O método residual dinámico consiste en determinar o valor do solo como valor actual dos ingresos netos futuros da promoción a un tipo de desconto determinado que é en definitiva a rendibilidade da promoción. De este xeito calculase a cantidade de diñeiro que se pode pagar polo solo para conseguir que a inversión rende un determinado interese do capital invertido.

O método residual dinámico establecido na orden ECO/805/2003 ten a seguinte expresión:

$$VT = \sum_{t=1}^n E_t / (1+i)^{t-1} - S_k / (1+i)^k$$

No que:

VT = valor do terreo
E_f = Importe dos cobros previstos
S_k = Importe dos pagos previstos
t_f = nº de períodos de tempo previsto dende a valoración ata o cobro
t_k = nº de períodos de tempo previsto dende a valoración ata os pagos
i = tipo de actualización

Para o valor en venta de inmobles de uso industrial (uso característico do ámbito), VM, tívose en conta tanto o estudio de mercado que figura no anexo III da memoria do proxecto como o levado a cabo polos servicios municipais facendo un seguimento de diversas testemuñas, transaccións e ofertas inmobiliarias recentes e que se tiveron en conta así mesmo no estudio económico do plan xeral en tramitación. Segundo este estudio, o valores en venta para a zona en concreto sitúanse en torno ós 780,00 €/m². O valor de construción calculouse a partires do custe de execución material resultante da aplicación do módulo de custes da construción do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia establecido en 294,46 €/m² c, cos coeficientes de uso e tipoloxía establecidas no baremo para estimación de presupostos do COAG e incrementado no porcentaxe de B^o industrial e gastos xerais do constructor, así como gastos xerais de promoción, licencias, honorarios, seguros e gastos de admón e comercialización en 5,71 €/m² c. Así mesmo neste caso contemplase como custe a urbanización, estimado en 60,68 €/m² c.

VALORACION METODO RESIDUAL								
DINAMICO								
PERIODO DE TIEMPO UTILIZADO		TOTAL	AÑOS					
			AÑO 1	AÑO 2	AÑO 3	AÑO 4	AÑO 5	
PAGOS	URBANIZACION	60,6800	24,2720	24,2720	9,1020	3,0340	0,0000	
	CONSTRUCCION	294,4600	0,0000	26,0000	117,0000	104,0000	47,4600	
	GESTION	5,7131	1,4283	1,1426	1,1426	1,1426	0,8570	
TOTAL PAGOS		360,8531	25,7003	51,4146	127,2446	108,1766	48,3170	
VENTAS		780,0000	0,0000	0,0000	19,5000	175,5000	585,0000	
CASH-FLOW		419,1469	-25,7003	-51,4146	-107,7446	67,3234	536,6830	
TASA ACTUALIZ. ANUAL (TLR+PR)		0,15011						
IPC INTERANUAL		0						
TASA DE ACTUALIZ ANUAL REAL		0,15011						
COEF. ACTUALIZACION		$1/(1+Tas)^t$		0,8695	0,7560	0,6573	0,5715	0,4969

VALOR ACTUAL FLUJOS DE CAJA	173,1375	-22,3459	-	-	38,4776	266,6987
		38,8694	70,8235			
VALOR ACTUAL NETO V.A.N	173,1375					
GASTOS ACTUALIZADOS	230,6940	22,3459	38,8694	83,6414	61,8267	24,0106
INGRESOS ACTUALIZADOS	403,8315	0,0000	0,0000	12,8179	100,3043	290,7093
DIFERENCIA (Ingresos - Gastos)	173,1375	-22,3459	-	-	38,4776	266,6987
		38,8694	70,8235			

Como resultado dos fluxos de caixa, resulta:

$$\rightarrow E_f / (1+i)^{tf} = 403,831 \text{ €/m}^2$$

$$\rightarrow S_k / (1+i)^{tk} = 230,695 \text{ €/m}^2$$

$$VT = \rightarrow E_f / (1+i)^{tf} - S_k / (1+i)^{tk} = 403,831 - 230,695 = 173,136 \text{ €/m}^2$$

O aproveitamento apropiable é de 0,88794 m²/m², polo que o valor total do terreo resulta ser:

$$7.764,00 \text{ m}^2 \times 173,136 \text{ €/m}^2 \times 0,88794 \text{ m}^2/\text{m}^2 = 1.193.593,73 \text{ €}$$

2.2. RESUME DA VALORACIÓN.-

EXPROPIACIÓN SOLO:..... 1.193.593,73 €

5 % DE PREMIO DE AFECCIÓN:..... 59.679,69 €

TOTAL VALORACIÓN:..... 1.253.273,41 €

FOLLA DE PREZO XUSTO	
PARCELA :	
PROPIETARIO:	MINISTERIO DE FOMENTO
DIRECCIÓN:	DEMARCAÇÃO DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA C/ CONCEPCIÓN ARENAL, Nº 1 - A CORUÑA
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS	

UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
7.764,00 m2	Terreo	153,7343 €/m2	1.193.559,72
	5% premio afección.....		59.679,69
	Total Valoración.....		1.253.273,41
Vigo, a 29 de febreiro de 2008			
O Técnico da Admón Xeral da Xerencia de Urbanismo		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

Incorpóranse ó expediente os seguintes documentos (forman parte do expediente 4643/401):

- Escrito remitido pola Xerencia municipal de urbanismo de data 22.06.06 á “Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia” e ó “Ministerio de Economía y Hacienda”
- Documento recibido o 30.10.06 (doc 60113124) remitido polo Enxeñeiro Xefe da “Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia”.
- Escrito remitido dende a Xerencia municipal de urbanismo de data 7.05.07 dirixido á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Rexistro de Saída 10.05.07, recibido o 14.05.07).
- Escrito recibido pola Xefe da unidade de asesoría xurídica da “Entidade Pública Empresarial del Suelo” (SEPES) de data 8.05.07 (doc 70055385).
- Contestación realizada polo Enxeñeiro xefe da “Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia” de data 14.06.07 (doc número 70071205).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Obrigas dos propietarios adheridos e consecuencias da non adhesión á Xunta de compensación no desenvolvemento dunha unidade de actuación.- Os arts. 22 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e o artigo 16 da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo establecen diversas obrigas de natureza urbanística para os propietarios do solo urbanizable, entre as que figuran (entre outras) a de cesión de terreos ó Concello, a de urbanización e edificación en prazo e a de participación nun proceso reparcelatorio de distribución equitativa de cargas e beneficios. O art. 156.1 LOUGA preceptúa ó respecto que: "(...) se algúns propietarios do polígono non se incorporan á Xunta de Compensación, ésta poderá solicitar do municipio ou ben a expropiación dos ditos predios tendo a condición de beneficiaria dela, ou ben a ocupación dos ditos predios en favor da Xunta de Compensación". Tal petición foi formalizada por escrito de 2.08.07 (doc 70088545) presentado por don Enrique Bastos Rodríguez como presidente da Xunta de compensación do polígono 1 do Plan Parcial de Baruxáns. O propio art. 168.2 R.D. 3288/1978, do 25 de Agosto, aprobatorio do regulamento de xestión urbanística (RXU) dispoñe que: "(...) Os terreos propiedade dos que non se incorporasen á Xunta, serán expropiados, atribuíndose a ésta o carácter de beneficiaria da expropiación (...)". Consta no expediente as preceptivas notificacións e comunicacións á Administración xeral do Estado o abeiro do disposto no artigo 139 e seguintes da Lei 33/03, de 3 de novembro, pola que se aproba a Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

2.- Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio.- O artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispoñe un procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto deberá ser sometido a un trámite de información pública para que aqueles que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos. Así mesmo se deberá notificar individualmente ós que aparezcan como titulares de bens e dereitos no expediente con traslado literal da folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Tra-lo analise das alegacións presentadas, procederase á aprobación definitiva implicando a declaración de urxencia

da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.

En virtude dos feitos e fundamentos indicados, propóñese a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos predios correspondentes propietarios non adheridos á Xunta de compensación do polígono 1 do Plan Parcial de Baruxáns.

SEGUNDO: Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(504).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS:

A) RÚA EDUARDO CABELLO, 49, 1º D. EXPTE. 341/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 7.03.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en EDUARDO CABELLO (RUA) 049, 1 D, executadas ao abeiro do Convenio entre o CVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase) ,23 de abril de 2007(3º Fase), 08 de novembro de 2007(4º Fase).Encadrados nos acordos e orzamentos da fase 2ª anualidade 2008 cara a tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Joaquín Ruiz Leirós (DNI/NIF nº 35874536) a axuda de 4677,7 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 2338,85 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 2338,85 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 4677,7 euros con cargo á partida 4320.7802200 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

B) RÚA SAN FRANCISCO, 69. EXPTE. 321/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 17.03.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 07/02/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ SAN FRANCISCO 69,

executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 7ª, anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP	CONSELLERÍA A VIVENDA E SOLO	MF
Patronato De la Casa Caridad	R./ SAN FRANCISCO 69, 2 D	G36626174	11.398,05	7.000,00	4.274,00	2.137,00	2.137,00
Patronato De la Casa Caridad	R./ SAN FRANCISCO 69, 2 E	G36626174	11.398,05	7.000,00	4.274,00	2.137,00	2.137,00
Patronato De la Casa Caridad	R./ SAN FRANCISCO 69, 2 A	G36626174	11.398,05	7.000,00	4.274,00	2.137,00	2.137,00
NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP	CONSELLERÍA A VIVENDA E SOLO	MF
Patronato De la Casa Caridad	R./ SAN FRANCISCO 69, 1 C	G36626174	11.398,05	7.000,00	4.274,00	2.137,00	2.137,00
TOTAL			56.990,25	35.000	21.370	10.685	10.685

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Patronato De la Casa Caridad (DNI/NIF nº G36626174) as axudas do cadro que será financiada polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades do cadro. Conceder definitivamente ditas cantidades con cargo á partida 4320.7800700 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

C) PASEO DE ALFONSO XII, 37. EXPTE. 330/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 26.03.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 25/03/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en Pza./ ALFONSO XII 37, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 7ª, anualidade 2008, a excepción da solicitude do 1º andar (cunha axuda de 3.641,93 euros) que se encadra nos acordos e orzamentos da Fase 8ª, anualidade 2007, cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	FACTURA S	Fase/anual idade	AXU DEF	CVS	MF
Alfonso Penela Fernández	Pza./ ALFONSO XII 37, 2	35996893F	9.304,74	8.255,05	7ª/2008	3.095,64	1.547,82	1.547,82
Margarita Mariño	Pza./ ALFONSO XII	36018151J	9.304,74	8.255,05	7ª/2008	3.095,64	1.547,82	1.547,82

Pérez	37, 3							
Fco. Xabier Maañón Laxe	Pza./ ALFONSO XII 37, 4	33809235V	10.399,41	9.226,23	7º/2008	3.459,84	1.729,92	1.729,92
Alfonso Penela Fernández	Pza./ ALFONSO XII 37, 0	35996893F	11.494,09	10.197,42	7º/2008	3.824,03	1.912,01	1.912,01
Fco. Xabier Maañón Laxe	Pza./ ALFONSO XII 37, 1	33809235V	10.946,75	9.711,82	8º/2007	3.641,93	1.820,97	1.820,97
TOTAL			51.449,73	48.559,13		17.117,08	8.558,54	8.558,54

SEGUNDO.- Conceder definitivamente aos solicitantes do cadro as axudas descritas que serán financiadas polo Ministerio de Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades do cadro. Conceder definitivamente as cantidades do cadro con cargo á partida 4320.7800700 os de Fase 7ª, e á partida 4320.7800800 o da 8ª Fase, do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

D) RÚA ESPERANZA, 13. EXPTE. 332/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 17.03.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 30/01/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ ESPERANZA 13, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 7ª, anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MF
José Manuel Pérez Adán	R./ ESPERANZA 13, 0 D	35197801G	2.647,06	7.000	1.111,76	555,88	555,88
José Manuel Pérez Adán	R./ ESPERANZA 13, 0 E	35197801G	5.483,20	7.000	2.302,94	1.151,47	1.151,47
Mª Consuelo Pérez Adán	R./ ESPERANZA 13, E	35183759S	1.323,53	7.000	555,88	277,94	277,94
Mª Consuelo Pérez Adán	R./ ESPERANZA 13, 1º	35183759S	4.726,90	7.000	1.985,30	992,65	992,65
Julián Alfonso Pérez Gómez	R./ ESPERANZA 13, 2º	36038147E	4.726,90	7.000	1.985,30	992,65	992,65
TOTAL			18.907,59	35.000	7.941,18	3.970,59	3.970,59

SEGUNDO.- Conceder definitivamente aos solicitantes a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades descritas no cadro. Conceder definitivamente ditas cantidades con cargo á partida 4320.7800700 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

E) RÚA TEÓFILO LLORENTE 69, 1º. EXPTE. 347/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 17.03.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 22/02/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ TEÓFILO LLORENTE 69, 1º -, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 7ª, anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Gerardo Gil Páramos (DNI/NIF nº 35761665T) a axuda de 12.000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 6.000,00 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 6.000,00 euros. Conceder definitivamente a cantidade de 12.000 euros con cargo á partida 4320.7800700 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

F) RÚA TEÓFILO LLORENTE Nº 55,1. EXPTE. 348/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 18.03.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 17/03/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ TEÓFILO LLORENTE 55, -1º -, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 7ª, anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Ismael García Crespo (DNI/NIF nº 35988917N) a axuda de 12.000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 6.000,00 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 6.000,00 euros. Conceder definitivamente a cantidade de 12.000 euros con cargo á partida 4320.7800700 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

35(505).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A. POR OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NAS RÚAS ZAMORA, VALENCIA E GRAN VÍA. EXPTE. 55046/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Vías e Obras, do 31.03.08, conformado pola concelleira delegada do Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A. de data 4/03/2008, en relación o aval constituído en data 27/11/2008, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de acometida de telecomunicacións, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 31 de marzo de 2008, donde se reseña que a zona quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución do aval a FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A., constituído na data reseñada, polo importe de 835,82 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A., constituído na data reseñada, polo importe de 835,82 euros.

36(506).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. POR COLOCACIÓN DUN ANDAMIO NA RÚA POLICARPO SANZ 24-26. EXPTE. 55134/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 18.03.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 17 de xaneiro de 2007, autorizouse a CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. a ocupación da vía pública cun andamio tipo túnel con paso protexido para peóns con número de expediente 51449/250.07, cunha ocupación de 79 m² na r/ Policarpo Sanz, 24-26 esquina Velázquez Moreno para rehabilitación de locais, constituíndo unha fianza de 6.000 € (seis mil euros), con número de operación 200700001590 de data 17/01/2007.

Solicitada a devolución da fianza con data 28/02/2008 e número de documento 80025712, unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 11 de marzo de 2008, indícase que o andamio foi retirado da vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 6.000 € (seis mil euros), a favor de CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 6.000 € (seis mil euros), a favor de CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

37(507).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIAIRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 54351/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 4.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 8.02.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares e de condicións administrativas particulares, xunto co seu Anexo, cadros de prezos, redactados pola Área de Servizos Xerais ao obxecto de contratar as obras de acondicionamento, mantemento e conservación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o presuposto máximo para afrontar o gasto que se propón con cargo a partida presupostaria 5110.210.00000 dos orzamentos do concello coa seguinte imputación presupostaria

Con cargo o orzamento do exercicio 2008 : 1.250.000,00 €

Con cargo o orzamento do exercicio 2009 : 1.500.000,00 €

3º.- Abrir o proceso licitatorio convocando o regulamentario concurso para a selección do Contratista , por procedemento aberto e na forma prevista na lexislación vixente.

38(508).- DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS “VOCES POLO LITORAL DE TEIS” E “PLAN COMUNITARIO DE TEIS” O PROXECTO DE EXECUCIÓN DE POZO DE BOMBEO NO LÍMITE DO DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO NA PRAIA DA LAGOA/TEIS. EXPTE. 53055/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 31.02.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A medio de instancias de datas de entrada no Rexistro Xeral do Concello, 9 de novembro de 2007 e no exercicio do dereito de petición, presentáronse alegacións no expediente 53055/250 que se está a tramitar para executar as obras para instalación dun pozo de bombeo con destino ao saneamento da praia da Lagoa en Teis, por parte das Asociacións, “ Voces polo Litoral de Teis “ e “ Plan Comunitario de Teis “, a través das cales, aunque non se opoñían ao dito saneamento solicitaban que non se permitise conectar a él as instalacións do Porto

Deportivo.

A petición a reiteran ámbolos dous interesados en escrito de data de entrada no Rexistro Xeral, 27 de decembro de 2007, aportando, incluso, unha sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo de data 7 de novembro de 2007, ditada en recurso interposto por “Astilleros y Construcciones, S.A.” contra acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 13 de xaneiro de 2005, de derruba de obras ilegais executadas no camiño Lagoa-Teis, que desestima a pretensión do recurrente, aunque a sentenza non é firme.

Por último con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello, 27 de febreiro pasado, os mesmos alegantes presentan nova reclamación na que solicitan que se leve a cabo o saneamento das vivendas obxecto do proxecto; se retire a conexión ao pozo de bombeo e a instalación de bombeo ao Porto Deportivo; se restableza o acceso inmediato á praia e, por último, se aclaren diferencias no presuposto aprobado pola Xunta de Goberno Local e o que figura no cartel anunciador do proxecto.

En relación coas ditas reclamacións emítese o seguinte informe:

1º.- A Xunta de Goberno Local con data 14 de novembro de 2005 aprobou o “documento sobor saneamento da zona da Praia da Lagoa”, co obxecto de suprimir os verquidos directos á Ría provintes dun colector que transcorre pola Travesía de Espiñeiro e encauzalos ao través da rede de colectores municipais. Posteriormente, con data 14 de decembro seguinte a execución das obras encomendouse a Aqualia, S.A.

2º.- Como consecuencia dun erro no replanteo das ditas obras resulta que parte delas levantáronse sobre terreos incluídos dentro do ámbito do dominio público portuario. Por isto a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de xullo de 2007 acordou solicitar da Autoridade Portuaria o outorgamento da concesión dos terreos da súa titularidade afectados pola instalación incluídos dentro do seu ámbito, que foi outorgada por Resolución do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de data 25 de xaneiro de 2008. Así mesmo con data 27 de febreiro do mesmo ano o Sr. Presidente da Autoridade Portuaria autorizou as obras de conexión á rede xeral de saneamento do pozo de bombeo sito na praia da Lagoa, concesión titularidade do Concello de Vigo.

3º.- No Acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de data 25 de xaneiro de 2008 antes citado xa se facía constar expresamente que no período de exposición pública do proxecto presentáronse alegacións por parte das dúas entidades alegantes que con idéntico texto solicitaban o non outorgamento da concesión en base a considerar que o dominio público ocupado non era titularidade da Autoridade Portuaria de Vigo, as cales foron desestimadas porque as obras en máis dun 95% foron executadas sobre terreo de dominio público portuario. Ademáis desestimábase tamén a alegación de que co seu funcionamento poderíase impedir a utilización do único acceso á praia da Lagoa.

En consecuencia, en relación coas anteriores alegacións remitímonos expresamente á contestación ofrecida pola Autoridade Portuaria que compartimos na súa integridade.

4º.- Que en canto á alegación relativa a que con estas obras daríase servizo ao porto deportivo de “A Lagoa”, no expediente consta un informe de Aqualia, S.A. de data 22 de novembro de 2007 no que se fai constar que nos seus arquivos non consta solicitude algunha de conexión á rede de abastecemento e saneamento municipal por parte do referido porto deportivo. Só unha de saneamento de “Astilleros y Construcciones Lagoa, S.A.” cuxa alta no servizo é do ano 1982, en base á modificación das condicións da concesión outorgadas polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo con data 30 de xuño de 2000.

En conclusión, non existe solicitude algunha para a conexión do porto deportivo de A Lagoa á rede de abastecemento e saneamento municipal segundo o dito informe.

5º.- En relación coas cuestións contidas no último escrito de alegacións, de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de 27 de febreiro pasado, Aqualia, S.A. emite o seguinte informe:

a).-Que a diferenza entre os importes do proxecto acordados pola Xunta de Goberno Local e o que figura no cartel anunciador das obras obedece a que no primeiro caso non inclúe o I.V.E. e no segundo caso si

o fai.

b).- Que as obras consistiron básicamente na execución dun pozo de bombeo que recolle o colector de saneamento que discorre pola Travesía de Espiñeiro, ao que se atopan conectadas as vivendas. Deste xeito lógrase o obxectivo do proxecto que consiste en sanear as ditas vivendas, recollendo os verquidos para bombealos ata a rede que os conduce á depuradora, evitando así a súa saída directa á praia, como ocorría ata o de agora.

Parte de ditas obras consistentes na conexión do colector ao pozo de bombeo iniciáronse o pasado mes de febreiro, momento ao que corresponde a reportaxe fotográfica que se achega á alegación. Estas obras remataron o día 7 de marzo seguinte, data dende a cal o pozo de bombeo atópase en servizo e o acceso á praia totalmente expedito.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar as alegacións presentadas polas asociacións “ Voces polo Litoral de Teis ” e “ Plan Comunitario de Teis ” con datas 9 de novembro e 27 de decembro de 2007 e 27 de febreiro de 2008, polas razóns que figuran no informe que antecede.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(509).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO CALVARIO. FASE I. RÚA ARAGÓN. EXPTE. 54498/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 27.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 11.02.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto para a execución das obras de humanización do Calvario. Fase 1 (rúa Aragón entre Urzáiz e J. de la Fuente) redactado e asinado polo enxeñeiro de Camiños C. e Portos D. Carlos López Román e polo enxeñeiro técnico de O. Públicas D. Emilio Otero Martínez .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autorizar a tramitación do expediente para a contratación das obras por importe total máximo de 500.077,37 €, IVE incluído e con cargo a partida presupostaria 5110.6110.0005

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

40(510).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO SANEAMENTO DA RÚA OLÍMPICOS, ELIMINACIÓN DE BOMBEO DE RESIDUAIS NA RÚA SEARA E RECUPERACIÓN DA MINA DE AUGA E EXECUCIÓN DE SANEAMENTO SEPARATIVO NA RÚA ABANICO. EXPTE. 51793/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 18.01.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de

Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os proxectos para a execución das obras seguintes : “ Reforma do saneamento da R. Olímpicos - Vigo “ ; “ Eliminación de bombeo de residuais na Rúa Seara” e “ Recuperación de mina de auga e execución de saneamento separativo en R. Abanico – Beade ”, redactados por TICCO Ingeniería, S.L. ó primeiro e por Esinpro Ingeniería, S.L. ó segundo e terceiro.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso, por lotes, das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras por importe de : Lote 1 : “ Reforma do saneamento da R. Olímpicos – Vigo : 284.814,14 € ”; Lote 2: “ Eliminación de bombeo de residuais na Rúa Seara” : 146.584,80 € e Lote 3 : “ Recuperación de mina de auga e execución de saneamento separativo en R. Abanico – Beade ” : 113.455,75 € ”

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

41(511).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZAICÓN DO BARRIO DE BOUZAS, FASE I (ALAMEDA SUÁREZ LLANOS). EXPTE. 54499/250.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

42(512).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUGER DE MAQUINARIA CON OPERADOR PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS PARA OS EXERCIZOS 2008 E 2009. EXPTE. 55050/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 27.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 12.03.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Prego de prescrición técnicas para a contratación de aluguer de maquinaria cos correspondentes operadores para o Concellode Vigo - Servicio de Vías e Obras, redactado polo Xefe do Servicio de Vías e Obras

2º.- Aprobar o Prego de condicións administrativas particulares e o seu Anexo 1 (Relación de màquinas e prezos) elaborado pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso de aluguer de maquinaria cos correspondentes operadores para o Concello de vigo - Servicio de Vías e Obras .

3º.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 390.000,00 € e con cargo á partida 5110.203.00.00 do presuposto coa seguinte imputación presupostaria : Ano 2008: 195. 000,0 € e ano 2009: 195. 000,00 €

4º.- Comprometerse a consignar ó respecto no presuposto 2009 e no de exercicios seguintes o crédito suficiente para facer fronte ó gasto derivado da execución do presente contrato.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio, polo procedemento de urxencia, convocando o concurso para a

selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

43(513).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ESPERANTO. EXPTE. 54649/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 27.03.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área, do 11.02.08, conformado polo asesor xurídico da Área, a concellería delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de humanización da rúa Esperanto redactado por " GALAICONTROL Ingeniería de Calidades "

2º.- Aprobar os pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior.

3º.- Autorizar o gasto para a tramitación do expediente para a contratación das obras por importe total máximo de 72.371,41 € IVE incluído e con cargo a partida 5110.61.0011

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

44(514).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SANITARIO-ASISTENCIAIS A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS NOS DISPOSITIVOS ASISTENCIAIS DO CENTRO UAD-CEDRO. EXPTE. 30386/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 4.04.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno, en sesión do 29 de marzo de 2005, a adjudicación a EUXA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L. o concurso para prestación do servizo de apoio a Unidade Asistencial a Drogodependentes "CEDRO", por importe anual de 440.000 euros e por período de dous anos prorrogable por outros dous.

A Xunta de Goberno Local do 2 de abril de 2007 acordou aprobar a primeira prórroga do contrato polo período 01/04/2007 a 31/03/2008.

Con data 25 de marzo de 2008 (Doc.80037306), a empresa adjudicataria solicita a segunda prórroga do contrato. A posibilidade de prórroga recóllese no punto VI do prego de cláusulas administrativas.

Dado o alto grado de satisfacción, tanto dos usuarios do servizo como da totalidade dos profesionais que

interveñen no programa, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Prorrogar o contrato de prestación dos servizos santiario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, nos dispositivos asistenciais do centro UAD-CEDRO do concello de Vigo subscrito coa empresa Euxa Servicios Comunitarios Sociosanitarios, S.L. polo período comprendido entre o día 01/04/2008 e 31/03/2009”.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(515).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL Á SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER OS PROCESOS DE INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE EXTRACOMUNITARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA-2008. EXPTE. 30654/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 2.04.08, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención proposta polo departamento de Benestar Social, a través da oficina de inmigración, por un importe total de 464.000,00€, segundo o previsto na resolución do 5 de marzo de 2008, pola que se regula a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2008.

Dito importe esta desagregado segundo os eixes previstos na resolución cos seguintes importes:

Eixe de educación: 142.000,00€
Eixe de emprego: 91.000,00€
Eixe de vivenda: 64.000,00€
Eixe de servizos sociais: 90.000,00€
Eixe de muller: 55.000,00€
Eixe de sensibilización: 22.000,00€

46(516).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA XLIII VOLTA A VIGO-BAIXO MIÑO-VAL MIÑOR O DÍA 12.04.08. EXPTE. 7759/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.04.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués a organizar o vindeiro sábado día 12 de abril de 2008, o “XLIII Volta a Vigo-Baixo Miño-Val Miñor”, dita Carreria comenará ás 13.00 na rúa Padre Seixas con el control de firmas e rematará arredor das 17.35 horas na Rúa Seixas onde estará situada a meta.

47(517).- SOLICITUDE DO CEIP MOSTEIRO, BEMBRIVE, PARA A ORGANIZACIÓN DO XXIX CROSS ESCOLAR DE MOSTEIRO, BEMBRIVE O DÍA 13.04.08. EXPTE. 7744/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.03.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar C.E.I.P. Mosteiro, Bembrive a organizar o vindeiro domingo 13 de abril de 2008, o “XXIX CROSS ESCOLAR DE MOSTEIRO, BEMBRIVE”, dito Cross comenará ás 10.00 horas, e percorrerá a estrada de Bembrive, no treito comprendido entre a saída da estrada a Porriño, ate a rotonda do cruce coa rúa Eifonso. Dita proba rematará en torno ás 13.00 horas.

48(518).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS URBANÍSTICAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 54682/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 6.02.08, conformado polo asesor xurídico e a concelleira de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado o proxecto de Supresión de barreiras arquitectónicas urbanísticas na cidade de Vigo (memoria , prescrición técnicas xerais, planos e cadro de prezos), redactado polo técnico municipal da Área de Servizos Xerais D. Jorge Muñoz Rama.

2º.- Aprobado o prego de condicións administrativas particulares e o Prego de prescrición técnicas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso para a execución das obras de Reparación de Beirarrúas na cidade de Vigo .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das referidas obras Vigo por un importe máximo de 149.499,99 € e con cargo á partida 5110.210.00.03 do presuposto 2008

4º.- Abrir o procedemento licitatorio convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

49(519).- CONTRATACIÓN DE Dª. SONIA Mª MARTÍNEZ ALONSO COMO TÉCNICA DE ORIENTACIÓN LABORAL POLO PRAZO DE UN ANO. EXPTE. 5119/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.04.08, conformado polo concelleiro de Promoción económica, Emprego e Participación Cidadá e o concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Da concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, depende o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, servizo no que debido ao remate dos contratos do persoal adscrito aos diversos programas de emprego, atópase na actualidade sen persoal que poida continuar co servizo de asesoramento e orientación laboral a desempregados e desempregadas.

Nestas datas esta situación así como a publicación de diversas convocatorias e axudas para a realización de actividades de información, orientación, busca de emprego, etc, impide poder preparar as memorias dos proxectos de emprego municipal.

O Diario Oficial de Galicia de data 28 de marzo de 2008, publicou a Orde do 24 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, permite o iniciio anticipado na execución das accións a desenvolver polo Concello de Vigo, xa que nas bases establecece:

- *No seu artigo 11.3 establece “3. Os técnicos seleccionados a que alude o punto 1 deste artigo poderán ter relación contractual previa coa entidade colaboradora ou non e, en todo caso, deberán posuír o título de diplomado ou licenciado universitario, preferentemente en psicoloxía, psicopedagogía, pedagogía, socioloxía, educación social ou traballo social ou relacións laborais.”*
- *No “Artigo 16º.-Prazo de execución das accións.*
 - 1. As accións poderanse executar desde o 1 de abril de 2008 ata o 31 de marzo do ano 2009. O proxecto conxunto de accións deberase ter iniciado antes do 31 de decembro do ano 2008.*
 - 2. No suposto anterior, procederase a imputar á anualidade futura as accións e gastos que se xeren desde o 1 de xaneiro ao 31 de marzo do ano 2009.”*

Polo anteriormente exposto e conforme establecen as bases é posible contratar de xeito anticipado a resolución da convocatoria a técnicos que cumplan cos requisitos establecidos nas mesmas como son entre outros que sexan titulados medios, ou superiores e posuír o título de diplomado ou licenciado universitario, preferentemente en psicoloxía, psicopedagogía, pedagogía, socioloxía, educación social ou traballo social ou relacións laborais.

A falta de persoal técnico anteriormente mencionado precisa da urxente contratación de cando menos un/unha técnico que colabore co servizo de desenvolvemento local e emprego na redacción da memoria da convocatoria de subvencións conforme a Orde de 24de marzo de 2008 da Consellería de Traballo e realice fundións de orientación laboral e comunicación, conforme as bases anteriormente mencionada.

Tendo en conta a urxencia da contratación, que non pudo ser tramitada con antelación debido a demora na publicación da orde e a necesidade de coñecemento e experiencia no desenvolvemento de proxectos de orientación laboral e comunicación, perfil que tal e como corrobora o seu curriculum vitae, da a Técnica de Orientación Laboral en Sonia María Martínez Alonso, que estivo contratada polo Concello de Vigo, desde o 1 de febreiro ao 31 de marzo de 2007 e posteriormente desde o 1 de xuño ao 31 de marzo de 2008, contratacións realizadas unha vez superadas as probas de selección convocadas ao efecto conforme os informes que se achegan co presente informe e, debido a imposibilidade de prorrogar o contrato que rematou o pasado 31 de marzo e necesario proceder a contratación da técnico mencionada.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de persoal no servizo, e a posibilidade de iniciar a prestación de servizos a partir do 1 de abril, conforme establecece na orde publicada, PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordo:

Contratar como técnica de Orientación Laboral polo prazo de un ano a Sonia María Martínez Alonso,coas seguintes características:

- 1. O contrato será por obra ou servizo de duración determinada a xornada completa.*
- 2. O periodo de contratación iniciarase o 8/04/2008 e rematará o 07/04/2009.*

3. *O Obxecto do contrato será o seguinte: “Desenvolvemento como orientadora das accións de orientación para o emprego establecidas na Orde do 24 de marzo de 2008 da Consellería de Trballo.*
4. *As retribucións salariais serán as establecidas no Acordo Marco de regulaci3ns das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco de Plan Municipal de Emprego, na modalidade de Técnicos e Xestores, para as categorías de técnico medio, coas pagas extras prorrateadas.*
5. *O resto das características serán semellantes ás establecidas no contrato que esta traballadora tiña en vigor ata o 31/03/2008.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

50(520).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.